

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O TRINTA DE MARZO DE DOUS MIL DEZASETE.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

Concelleiro/as:

D. Pedro Amado Sanmartín.

Dna. Raquel Caruncho Corral.

D. José Simoes Couceiro.

Dna. Yolanda Vázquez Busto.

Dna. Silvia Fornos Permuy.

[abandona a sesión ás 14:23, durante o tratamento do asunto nº7 da orde do día: actividade de control do pleno: rogos e preguntas]

Dna. Marta Pico Machado.

[abandona a sesión ás 14:09, durante o tratamento do asunto nº7 da orde do día: actividade de control do pleno: rogos e preguntas]

D. Francisco Javier Crespo Romeo.

[abandona a sesión ás 13:49, durante o tratamento do asunto nº7 da orde do día: actividade de control do pleno: rogos e preguntas]

Dna. María Carmen Piñeiro Varela.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte.

D. Andrés Pérez Pérez.

Dna. Ana María Veira García.

D. Jorge Serafín Allegue Freire.

[abandona a sesión ás 13:52, durante o tratamento do asunto nº7 da orde do día: actividade de control do pleno: rogos e preguntas]

Secretaria:

D^a. Ana Ramos Ramos

Interventor-accidental:

D. José Luis Sande Vázquez.

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e dez minutos do día trinta de marzo de dous mil dezasete, xúntanse en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos polas Secretaria e o Interventor-Accidental.



A Presidencia abre a sesión, procedéndose, a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

- SESIÓN ORDINARIA DE 23.02.2017.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:

- SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 23/02/2017.

Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:

- ordinaria de 23/02/2017.

*Sométese á aprobación á seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:***

PRIMEIRO. *Aprobar o borrador da acta correspondente ás sesión:*

- ordinaria de 23/02/2017.

SEGUNDO.- *Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.*

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro."

Dende a Presidencia pregúntase se algún/ha membro ten algo que indicar ao respecto da acta anterior.

Toma a palabra a concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular, Dna. M^a Carmen Piñeiro Varela para indicar que, sobre a súa intervención a raíz da pregunta nº12 do seu grupo, en ningún momento dixo que sobraba ninguén en ningún departamento se non que o que se plantexou foi que se botara unha man dende outras áreas ao de Persoal-Tesourería ata que non se solucionara o da praza de Tesoureiro/a.

De seguido, intervén D. Francisco Javier Crespo Romeo para facer unha serie de aclaracións sobre a depuradora de Ombre, que foi obxecto dunha pregunta do seu grupo e que, non podendo estar presente na sesión anterior, considera que debe facer por ser coñecedor do asunto.

Dende a Presidencia indícase ao portavoz do PP que non procede a súa intervención ao respecto neste punto da orde do día, indicándo ao Sr. Crespo Romeo que se quere, fálase do asunto en cuestión no punto de rogos e preguntas.

Toma a palabra Dna. Ana Veira García para dicir que nos ditames da Comisión Informativa, a frase "non habendo intervencións" non se axusta á verdade, xa que sí houbo intervencións, en alusión á súa e remitíndose tamén á propia acta do Pleno, onde a Concelleira de Servizos Sociais remítese á intervención do BNG na Comisión.

Sobre o anterior, indícase que nas Comisións Informativas non se transcriben as intervencións.

Concluídas as intervencións, sométese o borrador da acta a votación resultando **ADOPTADO por 11 votos a favor** dos concelleiros/as: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy, Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte, D. Andrés Pérez Pérez, Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire, e **2 abstencións** de Dna. Marta Pico Machado e D. Francisco Javier Crespo Romeo por non estar presentes na sesión cuxo borrador se somete a aprobación, o seguinte **ACORDO:**

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente ás sesión:

- ordinaria de 23/02/2017.

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.-EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO. ACORDOS QUE PROCEDAN

A Secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa, que se transcribe no seu literal:

<<"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA

SESIÓN: Ordinaria de data venres 24 de marzo de 2017

EXPDTE: 2017/G012/000004

Sesión nº:12/2015-2019

2.- EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Esta Concellería Delegada de Facenda formula á Comisión Informativa Especial de Contas a seguinte PROPOSTA DE DITAME:

Vista a proposta do departamento de Tesourería na que se propón ordear o pago a cada concelleiro, en concepto de asistencia a sesións de órganos colexiados da Corporación Municipal, das seguintes cantidades:

Comisións informativas de asuntos ao Pleno: datas das sesións
22.09.2016
22.09.2016
21.10.2016

Plenos: datas das sesións
26.09.2016
27.10.2016



<i>Xuntas de Goberno: datas das sesións</i>
10.08.2016
21.09.2016
05.10.2016
19.10.2016

CONCELLEIRO/A	Asistencia Plenos	Asistencia X.G.L	Asistencia C.I.	TOTAL INDEMNIZACIÓNS
<i>D. Pedro Amado Sanmartín</i>	2	3	3	480,00€
<i>D. José Simoes Couceiro</i>	2	4	3	530,00€
<i>Dna. Silvia Fornos Permuy</i>	2	4	1	430,00€
<i>Dna. Marta Pico Machado</i>	1	4	2	390,00€
<i>D. Javier Crespo Romero</i>	1	0	0	90,00€
<i>Dna. María del Carmen Piñeiro Varela</i>	2	0	3	330,00€
<i>Dna. Ascensión de Vicente Olarte</i>	2	0	1	230,00€
<i>D. Andrés Pérez Pérez</i>	2	0	2	280,00€
<i>D. Jorge Serafin Allegue Freire</i>	2	0	1	230,00€
<i>Dna. Ana Veira García</i>	2	0	2	280,00€
				3.270,00€

O principio de anualidade presupostaria, recoñecido tradicionalmente pola doutrina, esixe que se imputen ó presuposto de cada ano soamente os gastos e ingresos derivados de adquisicións, obras ou servizos realizados dentro do mesmo exercicio presupostario.

Atendido que no artigo 162 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLHL), ó definir o Presuposto das entidades locais como “a expresión cifrada conxunta e sistemática das obrigacións que como máximo, pode recoñecer a Entidade, e os seus Organismos Autónomos, e dos dereitos que prevean liquidar durante o correspondente exercicio,...” está recoñecendo dito principio de anualidade presupostaria.

Considerando que no mesmo senso se pronuncia o artigo 2 do R.D. 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do TRLHL.

Tendo en conta que tanto o artigo 163 TRLHL como o artigo 3 do RD 500/1990, ó definir o exercicio presupostario, establecen:

“O exercicio presupostario coincidirá co ano natural e a él se imputarán:

...b) as obrigacións recoñecidas durante o mesmo”.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

E por último, no relativo ós gastos, os artigos 176.1 TRLHL e 26.1 do RD 500/1990, que recollen: "Con cargo ós créditos do estado de gastos de cada presuposto sólo poderán contraerse obrigacións derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen dentro do ano natural do propio exercizo presupostario".

Visto que o artigo 176.2 TRLHL establece unhas excepcións ó principio de anualidade e, posteriormente no seu desenvolvemento regulamentario, o artigo 26.2 do RD 500/1990 engade unha nova no seu apartado c) no seguinte senso:

"2. Non obstante o disposto no apartado anterior, aplicaranse ós créditos do Presuposto vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigacións seguintes:

...c) As obrigacións procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do presente Real Decreto." (Art. 60.2 RD 500/1990: "Corresponderá ó Pleno da entidade local o recoñecemento extraxudicial de créditos,...").

Visto que o artigo 173 TRLRHL, dí que as obrigas de pago sólo serán exixibles da facenda local cando resulten da execución dos seus respectivos orzamentos, cos límites sinalados no artigo anterior, ou de sentenza xudicial firme, como é o caso.

Visto o informe de Intervención de data 28 de febreiro de 2017 no que fiscaliza con reparo de legalidade con efectos suspensivos o expediente.

Por todo elo, se propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- LEVANTAR o reparo con efectos suspensivos formulado pola Interventora municipal, que consta no informe de data 28.02.2017 co fin de non provocar maiores perxuízos.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto derivado das asistencias a órganos colexiados da Corporación levados acabo segundo os cadros anteriormente sinalados que importan a cantidade de TRES MIL DOUSCENTOS SETENTA EUROS (3.270,00€).

TERCEIRO.- Autorizar, dispoñer, recoñecer e pagar as obrigas correspondentes a cada un/ha dos/as concelleiros/as asistentes as sesións sinaladas no cadros.

Non obstante, o Concello Pleno acordará o que estime procedente.

Asinado dixitalmente polo Alcalde na data indicada na marxe."

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** a proposta transcrita en todos os seus termos por **4 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do PSOE: D. Pedro Amado Sanmartín, D. José Simoes Couceiro, Dna. Raquel Caruncho Corral, Dna. Silvia Fornos Permuy e **3 abstencións** do resto dos señores/as concelleiros/as do PP (2):D. Andrés Pérez Pérez e Dna. M^a Carmen Piñeiro Varela, e do BNG-AA (1): D. Jorge Serafín Allegue Freire.">>

A Presidencia abre a quenda para o debate explicando que o motivo deste recoñecemento extraxudicial foi un erro á hora de transcribir os datos ao orzamento xa que se trata dun gasto fixo, estimable. Sobre o periodo de pagamento das asistencias dos concelleiros e concelleiras, indica que a intención do goberno é regularizar o pagamento e que se faga en menos tempo.

De seguido, toma a palabra D. Francisco Javier Crespo Romeo. O portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular inicia a súa intervención dicindo que, a escasos meses da aprobación do orzamento segue a haber recoñecementos extraxudiciais de crédito, polo que considera que a previsión "non hai por onde collela" xa que, nin tan sequera se recolleron os gastos do día a día, como o do expediente obxecto do debate, que tería que estar recollida nun orzamento reflexado coa realidade.



Extende a situación de demora no cobro das asistencias á demora que sufren as empresas que prestan os seus servizos ao Concello e considera que non é de recibo aprobar gastos para os que non hai partida orzamentaria, cualificando a situación de improvisación e falta de orde, que deriva en erros, que se tapan com máis erros o que, indica, non é a solución nin para un goberno nin pra un pobo. Remítase ao informe da Interventora Municipal, que cualifica de "duro" e que conclúe cun reparo suspensivo ao expediente. Anuncia que o sentido do voto do seu grupo vai ser a abstención por non estar dacordo coas formas.

Toma a palabra a portavoz do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas, que di que cando se fala de cartos e á vista do reparo suspensivo do informe da Intervención, asústase, se ben entende que se trata dunha cuestión do procedemento. Fai alusión ás formas de organizar a cuestión económica do goberno local, que considera mellorables e que as cousas se poderían facer doutra maneira polo que, na liña seguida polo seu grupo, o voto do BNG-AA vai ser a abstención.

Pecha o debate D. Bernardo Fernández Piñeiro. O Sr. Alcalde-Presidente, na defensa dos membros do seu goberno, di que non son os concelleiros e concelleiras quen transcribe os datos; que os recoñecementos extraxudiciais húbboos sempre e que parece que o PP nunca gobernou ao tempo que recorda que este grupo non aprobou ningún orzamento en seis anos polo que considera que se ten mellorado considerablemente. Insiste en que se trata dun erro de transcripción. Sobre o tema das facturas a provedores, reserva a argumentación, que considera con motivos de sobra, para a aprobación do expediente.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación resultando **ADOPTADO** por **7 votos a favor** dos concelleiros/as do Grupo Municipal do PSdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy e Dna. Marta Pico Machado, e **6 abstencións** do resto dos/as señores/as concelleiros, do PP(4): D. Francisco Javier Crespo Romeo, Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez, e do BNG-AA(2): Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- LEVANTAR o reparo con efectos suspensivos formulado pola Interventora municipal, que consta no informe de data 28.02.2017 co fin de non provocar maiores perxuízos.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto derivado das asistencias a órganos colexiados da Corporación levados acabo segundo os cadros anteriormente sinalados que importan a cantidade de TRES MIL DOUSCENTOS SETENTA EUROS (3.270,00€).

TERCEIRO.- Autorizar, dispoñer, recoñecer e pagar as obrigas correspondentes a cada un/ha dos/as concelleiros/as asistentes as sesións sinaladas no cadros.

3.- 2ª LICITACIÓN CONTRATO DE AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA DO CONCELLO DE PONTEDEUME: CLASIFICACIÓN OFERTA MÁIS VENTAXOSA E REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN (Exp. 2016/C004/000004). ACORDOS QUE PROCEDAN.

A Secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa, que se transcribe a continuación.

<<"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE SERVIZOS SOCIAIS, EDUCACIÓN, DEPORTES, COMERCIO, TURISMO-CULTURA E XUVENTUDE-PARQUES E XARDÍNS

SESIÓN: Ordinaria de venres 24 de marzo de 2017

EXPDTE: 2017/G012/000005

Sesión nº: 6/2015-2019

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

3.- 2ª LICITACIÓN CONTRATO DE AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA DO CONCELLO DE PONTEDEUME: CLASIFICACIÓN OFERTA MÁIS VENTAXOSA E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN (Exp. 2016/C004/000004)

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

2ª LICITACIÓN CONTRATO DE AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA DO CONCELLO DE PONTEDEUME: CLASIFICACIÓN OFERTA MÁIS VENTAXOSA E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN (Exp. 2016/C004/000004)

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME, (A CORUÑA).

Visto o Acordo do Pleno de data 27.10.2016, polo que se acordou, entre outros, declarar deserta a licitación do procedemento de contratación, suxeito a regulación harmonizada, mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adjudicación, para o servizo de axuda no fogar de dependencia do Concello de Ponte deume, conforme ao establecido no artigo 151.3 do TRLCSP e reiniciar o expediente de contratación do servizo de axuda no fogar de dependencia do concello de Ponte deume mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adjudicación, suxeito a regulación harmonizada, conservando os actos administrativos válidos e que sexan coincidentes na nova licitación coa declarada deserta, amparado o acordo no principio de conservación dos actos administrativos válidos e no principio de economía procedimental, modificando a tramitación ordinaria pola tramitación urgente.

Vista a data de envío do anuncio ao DOUE 16.12.2016.

Visto o acordo do Pleno de data 26.01.2017, polo que se acordou declarar a prohibición de contratar da empresa TU MAYOR AMIGO S.L. co Concello de Ponte deume coa duración de UN ANO desde a inscrición da mesma no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia.

Vista a inscrición do acordo da devandita prohibición de contratar da empresa TU MAYOR AMIGO S.L. no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia en data 30.01.2017, segundo o certificado emitido polo citado Rexistro en data 07.02.2017.

Visto que presentáronse ao procedemento de licitación dentro do prazo legalmente establecidos seguintes empresas :

- *Idades S.L.*
- *Virxe do Carme S.L.*
- *Senes Cit S.L.*
- *Fundación Einsa*
- *Idade de Ouro, Servicios Sociosanitarios S.L.*
- *Servital Servicios Sanitarios S.L.*
- *UTE AO Mayores Servicios Sociales S.L. y Optima Facility Services S.L.*
- *OHL Servicios Ingesan S.A.*



- Atendo Calidade S.L.
- Tu Mayor Amigo S.L.

Vista a Acta 1ª da Mesa de Contratación celebrada en data 08.02.2017, na que se acordou, en vista da inscrición do acordo da prohibición de contratar da empresa TU MAYOR AMIGO S.L. no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, a non apertura da proposición desta última empresa.

Vista a Acta 2ª da Mesa de contratación de data 10.02.2017 na que entre outros se acorda remitir a documentación técnica ao departamento de servizos sociais aos efectos do seu estudo e valoración.

Vista a Acta 3ª da meritada Mesa de contratación celebrada en data 03.03.2017, que dispón:

"Reunida a Mesa, coa presenza do público asistente, procédese en virtude da *Claúsula 14 dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP)* a dar conta do Informe de Servizos Sociais de data 23.02.2017 sobre a valoración do Sobre B "Referencias Técnicas: proxecto técnico e melloras aportadas".

A Secretaria municipal lee as puntuacións obtidas polas distintas empresas, sendo as mesmas as seguintes:

EMPRESA	PROXECTO TÉCNICO (CRITERIOS VALOR OBXECTIVO)	MELLORAS	PUNTUACIÓN TOTAL DOS CRITERIOS DE VALOR SUBXECTIVO	PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE B
Vírxe do Carne S.L.	11,55	22,95	4	38,5
OHL Servicios Ingesan S.A.	12	22,93	3	37,93
Idades S.L.	11,04	23	2	36,04
Senes Cit S.L.	12	19	4	35
Atendo Calidade S.L.	12	18,86	3	33,86
Servital Servicios Sanitarios S.L.	11,25	17,57	2	30,82
Fundación Einsa	11,35	15,77	3	30,12
Idade de Ouro Servicios Sanitarios S.L.	8,7	16,49	2	27,19
UTE AO Mayores Servicios Sociales S.L. y Optima Facility Services S.L.	7,7	0	2	9,7

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Acto seguido, a Mesa acorda continuar o procedemento coa apertura dos sobres que conteñen a "Proposición Económica", SOBRE C (Claúsula 13 do PCAP), das seguintes empresas :

- Idades S.L.
- Virxe do Carme S.L.
- Senes Cit S.L.
- Fundación Einsa
- Idade de Ouro, Servicios Sociosanitarios S.L.
- Servital Servicios Sanitarios S.L.
- UTE AO Mayores Servicios Sociales S.L. y Optima Facility Services S.L.
- OHL Servicios Ingesan S.A.
- Atendo Calidade S.L.

A Secretaria municipal procede a lectura das propostas económicas achegadas polas distintas empresas, para informar ao público asistente, sendo as mesmas as seguintes:

EMPRESA	PREZO/H.ORDINARIA IVE	SEN PREZO/H.EXTRAORDINARIA IVE
Idades S.L.	13,04	13,25
Virxe do Carme S.L.	12,3	12,5
Senes Cit S.L.	12,75	13,25
Fundación Einsa	14	14,5
Idade de Ouro, Servicios Sociosanitarios S.L.	13,27	12,9
Servital Servicios Sanitarios S.L.	13,8	14,2
UTE AO Mayores Servicios Sociales S.L. y Optima Facility Services S.L.	13,97	14,45
OHL Servicios Ingesan S.A.	13,98	14,48



Atendo Calidade S.L.	13,98	9,5
-----------------------------	-------	-----

Examinada a documentación achegada polas empresas, advírtese que tódalas empresas achegan a documentación tanto en papel como formato pdf.

A clasificación en orde decrecente das puntuacións obtidas polas empresas no SOBRE C "Proposición económica", queda do seguinte xeito (Cláusula 14 PCAP):

EMPRESA	PUNTUACIÓN HORA ORDINARIA	PUNTUACIÓN HORA EXTRAORDINARIA	PUNTUACIÓN TOTAL (MEDIA) SOBRE C
Atendo Calidade S.L.	52,78	60	56,39
Virxe do Carne S.L.	60	45,6	52,8
Senes Cit S.L.	57,8	43,01	50,4
Idade de Ouro, Servicios Sociosanitarios S.L.	55,61	44,18	49,89
Idades S.L.	52,59	43,01	47,8
Servital Servicios Sanitarios S.L.	53,47	40,14	46,8
UTE AO Mayores Servicios Sociales S.L. y Optima Facility Services S.L.	52,82	39,44	46,13
OHL Servicios Ingesan S.A.	52,78	39,36	46,07
Fundación Einsa	0	0	0

A clasificación definitiva total en orde decrecente das puntuacións obtidas polas empresas, queda do seguinte xeito (Cláusula 17 PCAP):

EMPRESA	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN SOBRE C	PUNTUACIÓN TOTAL
Virxe do Carne S.L.	38,5	52,8	91,3
Atendo Calidade S.L.	33,86	56,39	90,25
Senes Cit S.L.	35	50,4	85,4

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

OHL Servicios Ingesan S.A.	37,93	46,07	84
Idades S.L.	36,04	47,8	83,84
Servital Servicios Sanitarios S.L.	30,82	46,8	77,62
Idade de Ouro, Servicios Sociosanitarios S.L.	27,19	49,89	77,08
UTE AO Mayores Servicios Sociales S.L. y Optima Facility Services S.L.	9,7	46,13	55,83
Fundación Einsa	30,12	0	30,12

Unha vez rematada a apertura dos sobres e logo da clasificación final, propónse declarar ao órgano de contratación (Pleno municipal) por ser o licitador que presenta a oferta máis ventaxosa, de acordo coa **Claúsula 17** do PCAP, a empresa **Virxe do Carme S.L.**, e requirir no prazo de 10 días hábiles, que achegue a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (se a achega inicial da documentación é substituída por unha declaración responsable do licitador ou documento único europeo), así como de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social segundo o indicado nos PCAP, de dispor efectivamente dos medios que se comprométese a adicar ou adscribir á execución do contrato, conforme o artigo 64.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e de ter constituído a garantía definitiva e complementaria que sexa procedente.

Asimesmo aportará autorización para descontar da primeira factura que se presente todos os custos de publicidade que leve implícito o contrato.

Achegará igualmente o documento de habilitación profesional, no caso de non estar xa presentado así como a acreditación da póliza do seguro de RC esixido conforme ao presente prego.

De non cumplimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas”.

Considerando a lexilación aplicable:

o O Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de Novembro.



o O Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

o O Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio).

o A Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Visto canto antecede, sométese a ditame da Comisión Informativa permanente de Servizos Sociais, Educación, Deportes, Comercio, Turismo e Cultura e Xuventude e Parques e Xardíns, a seguinte proposta de **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Seleccionar á empresa “Virxe do Carne S.L.” como a autora da proposición máis vantaxosa para a Corporación no contrato de servizos de axuda no fogar de dependencia do concello de Pontedeume, de acordo co seguinte orde de clasificación recollida na acta da mesa de contratación de data 03.03.2017:

EMPRESA	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN SOBRE C	PUNTUACIÓN TOTAL
Virxe do Carne S.L.	38,5	52,8	91,3
Atendo Calidade S.L.	33,86	56,39	90,25
Senes Cit S.L.	35	50,4	85,4
OHL Servicios Ingesan S.A.	37,93	46,07	84
Idades S.L.	36,04	47,8	83,84
Servital Servicios Sanitarios S.L.	30,82	46,8	77,62
Idade de Ouro, Servicios Sociosanitarios S.L.	27,19	49,89	77,08
UTE AO Mayores Servicios Sociales S.L. y Optima Facility Services S.L.	9,7	46,13	55,83
Fundación Einsa	30,12	0	30,12

SEGUNDO.- Aprobar a proposta de adjudicación da contratación á empresa “Virxe do Carne S.L.”, nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas, e prescricións técnicas e na documentación presentada polo licitador na súa proposta, que contén entre outros:

- Virxe do Carne S.L.

Oferta económica

De luns a sábados	12,3 € por hora de servizo sen ive engadido
Domingos e festivos	12,5 € por hora de servizo sen ive engadido

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Proxecto técnico e melloras segundo proposta que obra no expediente.

TERCEIRO.- Requirir a empresa Virxe do Carme S.L., segundo o establecido nos artigos 146.1 e 151.2 do RDL 3/2011 do 14 de novembro, e cláusula 17ª do Prego de cláusulas administrativas para que no prazo de 5 DÍAS HÁBILES a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento presente a seguinte documentación:

- Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos que foron substituídos por declaración responsable do licitador).
- A xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda do Estado, A Comunidade Autónoma e a Local e coa Seguridade Social.
- A xustificativa de dispor dos medios que se comprometeu a adscribir á execución da obra conforme ao artigo 64.2 LCSP.
- A acreditativa de ter constituída a garantía definitiva (5 % do importe de licitación do contrato - IVE excluído- Cláusula 18 PCAP).
- Así mesmo, aportará autorización para descontar da primeira factura que se presente todos os custos de publicidade que leve implícito o contrato.
- Achegará igualmente o documento de habilitación profesional, no caso de non estar xa presentado así como a acreditación da póliza do seguro de RC esixido conforme ao presente prego.

De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose polo órgano de contratación á adopción do acordo que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución aos interesados e aos departamentos de Intervención e servizos sociais aos efectos oportunos, así como dar traslado ao Tribunal administrativo central de recursos contractuais.

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro."

*Non habendo intervencións e sometido o asunto a votación, queda **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita **por 4 votos a favor** das concelleiras e concelleiros do PSOE (4): Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Silvia Fornos Permuy e **3 abstencións** do resto dos señores e señoras concelleiras, do PP (2): Dna. Ascensión de Vicente Olarte, Dna. María del Carmen Piñeiro Varela, e do BNG-AA (1): D. Jorge Serafín Allegue Freire."*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra Dna. Raquel Caruncho Corral que fai alusión á complexidade do procedemento e da conta do procedemento desta segunda licitación indicando que, se ben a proposta de adxudicación é a da entidade "Virxe do Carme" había moi bos proxectos técnicos en todas as propostas presentadas. Di que é unha alegría quitar adiante este contrato, que regulariza a situación, desexando que non haiba ningún problema e que todo funcione correctamente.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte, concelleira do Grupo Municipal do PP pregunta polos prazos.



Dende a Presidencia indícase que unha vez notificado o acordo, a empresa ten cinco días para presentar a documentación. Unha vez verificada esta, ou se convoca pleno extraordinario para adoptar o acordo ao respecto ou se agarda ao Pleno ordinario seguinte.

A Sra. de Vicente Olarte di que tiña como referencia o mes de xuño, que así se dixo na Comsión.

Indícase que a referencia o mes de xuño puido terse feito ao respecto da posta en funcionamento do servizo.

Toma a palabra o portavoz do PP: D. Francisco Javier Crespo Romeo quen di que están a favor de que se regularice a prestación do servizo, o que leva anos nunha situación irregular por falla de persoal municipal para a súa correcta contratación, tal e como fixo constar a propia fiscalía ante unha denuncia presentada polo PSOE no mandato anterior. Considera que agora, logo de 21 meses do actual goberno e co incremento de persoal, agarda que se tramiten as contratacións de outros servizos un pouco máis rápido. Anuncia o voto favorable do seu grupo á proposta e fai referencia ás obrigas da empresa co contrato, á hora de garantir a boa prestación do servizo.

De seguido, intervén Dna. Ana Veira García. A portavoz do BNG-AA di estar encantada con que o PP recoñeza en público que a prestación do servizo estaba nunha situación irregular e que lle gustaría que o PSOE botara man da súa propia historia e non esquecera os seus posicionamentos xa que, cando estaban na oposición, pedían a remunicipalización do servizo. Dito isto, indica que dende o BNG se pide que se remunicipalice o servizo, igual que facía o PSOE hai dous anos, e considera que se lle está a dar a unha empresa a xestión dun servizo público. Di que confían no traballador/a, se ben os prezos por hora poderían incidir na calidade do servizo, para cuxo bo cumprimento habería que velar, así como polos intereses do traballador/a. Anuncia que o sentido do voto do seu grupo será a abstención, motivándoo en que os principios que rexen unha ideoloxía deben ser claros e coherentes.

Toma a palabra o Alcalde-Presidente. D. Bernardo Fernández Piñeiro di que as primeiras privatizacións de servizos municipais tiveron lugar cando o BNG formaba parte do goberno local, con responsabilidade naquel: o servizo da auga, a conserxerías do pavillón...; considera que para o Concello de Pontedeume sería inasumible a xestión deste servizo, tanto a nivel económico como de organización e que se está a optar por este sistema de xestión de servizos noutros concellos, gobernados polo BNG polo que di que non é unha cuestión de siglas. Defende a contratación do servizo por ser a opción máis vantaxosa unha vez estudadas as posibilidades.

Intervén Dna. Ana Veira García, para dicir que non é comparable que se faga unha privatización dunha conserxería que, inmediatamente, se pode cambiar ao ano seguinte fronte a un contrato por todos eses anos, indica, considerando que son cousas diferentes. Entende que hai matices e que gobernar é máis difícil que estar na oposición se ben insiste en que non son comparables as privatizacións das que se está a falar.

Conclúe o debate o Sr. Presidente dicindo que o exemplo está dato e que todos e todas entenden o que se quere dicir.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación resultando **ADOPTADO** por **11 votos a favor** dos concelleiros/as do Grupo Municipal do PSdG-PSOE (7): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy e Dna. Marta Pico Machado; e do PP(4): D. Francisco Javier Crespo Romeo, Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez e **2 abstencións** do concelleiro e concelleira do BNG-AA: Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Seleccionar á empresa “Virxe do Carne S.L.” como a autora da proposición máis vantaxosa para a Corporación no contrato de servizos de axuda no fogar de dependencia do concello de Pontedeume, de acordo co seguinte orde de clasificación recollida na acta da mesa de contratación de data 03.03.2017:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

EMPRESA	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN SOBRE C	PUNTUACIÓN TOTAL
Virxe do Carne S.L	38,5	52,8	91,3
Atendo Calidade S.L.	33,86	56,39	90,25
Senes Cit S.L.	35	50,4	85,4
OHL Servicios Ingesan S.A.	37,93	46,07	84
Idades S.L.	36,04	47,8	83,84
Servital Servicios Sanitarios S.L.	30,82	46,8	77,62
Idade de Ouro, Servicios Sociosanitarios S.L.	27,19	49,89	77,08
UTE AO Mayores Servicios Sociales S.L. y Optima Facility Services S.L.	9,7	46,13	55,83
Fundación Einsa	30,12	0	30,12

SEGUNDO.- Aprobar a proposta de adjudicación da contratación á empresa "Virxe do Carne S.L", nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas, e prescricións técnicas e na documentación presentada polo licitador na súa proposta, que contén entre outros:

- Virxe do Carne S.L.

Oferta económica

De luns a sábados	12,3 € por hora de servizo sen ive engadido
Domingos e festivos	12,5 € por hora de servizo sen ive engadido

Proxecto técnico e melloras segundo proposta que obra no expediente.

TERCEIRO.- Requiritr a empresa Virxe do Carne S.L., segundo o establecido nos artigos 146.1 e 151.2 do RDL 3/2011 do 14 de novembro, e cláusula 17ª do Prego de cláusulas administrativas para que no prazo de 5 DÍAS HÁBILES a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento presente a seguinte documentación:

- Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos que foron substituídos por declaración responsable do licitador).
- A xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda do Estado, A Comunidade Autónoma e a Local e coa Seguridade Social.



- A xustificativa de dispor dos medios que se comprometeu a adscribir á execución da obra conforme ao artigo 64.2 LCSP.
- A acreditativa de ter constituída a garantía definitiva (5 % do importe de licitación do contrato - IVE excluído- Cláusula 18 PCAP).
- Así mesmo, aportará autorización para descontar da primeira factura que se presente todos os custos de publicidade que leve implícito o contrato.
- Achegará igualmente o documento de habilitación profesional, no caso de non estar xa presentado así como a acreditación da póliza do seguro de RC esixido conforme ao presente prego.

De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose polo órgano de contratación á adopción do acordo que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución aos interesados e aos departamentos de Intervención e servizos sociais aos efectos oportunos, así como dar traslado ao Tribunal administrativo central de recursos contractuais.

4.- INCOACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A DESIGNACIÓN DE NOME AO CENTRO MUNICIPAL DE MAIORES.

A Secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa, que se transcribe a continuación:

<<"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE SERVIZOS SOCIAIS, EDUCACIÓN, DEPORTES, COMERCIO, TURISMO-CULTURA E XUVENTUDE-PARQUES E XARDÍNS

SESIÓN: Ordinaria de venres 24 de marzo de 2017

EXPDTE: 2017/G012/000005

Sesión nº: 6/2015-2019

FÓRA DA ORDE DO DÍA.

Dende a Presidencia da Comisión propónse a inclusión do seguinte asunto na orde do día:

"INCOACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A DESIGNACIÓN DE NOME AO CENTRO MUNICIPAL DE MAIORES"

Xustifícase a urxencia do asunto en que a proposta ven derivada da conmemoración do 8 de marzo.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA Á COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE SERVIZOS SOCIAIS, EDUCACIÓN, DEPORTES, COMERCIO, TURISMO E CULTURA E XUVENTUDE E PARQUES E XARDÍNS.

Esta Alcaldía formula á Comisión Informativa Permanente de Servizos Sociais, Educación, Deportes, Comercio, Turismo e Cultura e Xuventude e Parques e Xardíns a seguinte PROPOSTA DE DITAME:

Dentro das Políticas de Igualdade impulsadas dende o Concello que eu presido somos conscientes, dos moitos avances que se están acadando na loita pola consecución dunha sociedade baseada no Principio da Igualdade, así o visibilizamos e concretamos no traballo que, cunha perspectiva de transversalidade de xénero exercida dende todas as áreas municipais, estamos a realizar.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nesta loita as mulleres que son máis ou menos a metade da humanidade levan andado un longo camiño cun lastre de séculos ao lombo, onde o peso da cultura, a educación, as tradicións, a relixión, etc, as puxeron en clara desventaxe respecto dos homes, esa outra metade da humanidade. Desventaxes que se manifestan en todos os ámbitos da vida tanto pública como privada. A nosa obriga como administración máis próxima a cidadanía é a de favorecer a incorporación das mulleres en todos eses ámbitos cara a mellorar a calidade de vida das eumesas e, por ende, tamén dos eumeses.

Como unha acción máis encamiñada a recoñecer publicamente a igualdade, non soamente, de dereito senón tamén de feito, cara a favorecer a incorporación e equiparación de ambos sexos en todos os ámbitos da vida municipal é preciso, na medida do posible, subsanar a falta da presenza feminina na denominación das rúas e edificios públicos na nosa Vila.

Dado que os nomes das rúas nas vilas e cidades son unha forma de honrar a memoria da cidadanía e dar testemuña dos feitos e persoas que beneficiaron a comunidade, o rueiro ten unha grande importancia, xa que entre outras, permite coñecer distintos aspectos relevantes da nosa historia e das persoas protagonistas da mesma.

Cómpre con que fagamos un breve repaso polo rueiro eumés para darnos conta de que as mulleres non están presentes no mesmo. A invisibilidade é case que absoluta. Feito que según distintos estudos e análises amosan que é unha constante na maioría das vilas e cidades da nosa comunidade: a ausencia de nomes de mulleres que teñen formado parte da historia nas súas diferentes manifestacións é unha clara desigualdade social. Se tiveramos que xulgar a aportación delas á sociedade, chegaríamos á conclusión de que a nosa vila estivo habitada e, aínda hoxe o está, case que exclusivamente por homes.

Ninguén dubida das aportacións da metade da poboación, así como da súa existencia, da que grazas aos estudos de xénero temos moi presente hoxe en día pero, segue a ser moi difícil atopar esa pegada nas rúas dando a posibilidade as xeracións futuras de coñecela e recoñecela.

Ao longo da historia as mulleres na nosa vila non tiveron oportunidade de obter o recoñecemento ao seu saber, traballo e as súas aportacións. É o momento de facer ese recoñecemento social, oficial e público á contribución feita por moitas mulleres na cultura, na política, na ciencia, na economía, etc para o avance da sociedade e a contribución á historia da humanidade (a maioría das veces escrita en termos masculinos).

Tendo en conta o establecido no artigo 17 e seguintes do Regulamento de honras e distincións do concello de Ponte deume aprobado inicialmente polo Pleno do Concello de Ponte deume, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de decembro de 2002, e publicado no BOP Nº 74 do 31 de marzo de 2003, e modificado por medio de acordo do Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 29 de decembro de 2011 e publicado anuncio da Aprobación definitiva da modificación 1.ª do Regulamento Especial de Honores e Distincións do Concello de Ponte deume no BOP Nº 51 de 14 de marzo de 2012.

O obxectivo desta acción é o de facer posible que os espazos públicos reflectan unha sociedade plural formada por mulleres e homes a partes iguais.

Visto canto antecede, **PROPOÑO:**

PRIMEIRO: *Incoar procedemento tendente a que sexan denominadas con nome de muller aquelas rúas de nova creación ou que se actualice ou modifique o rueiro cambiando o nome a aquelas que non teñen unha denominación que responda a criterios relevantes como: feitos de*



importancia histórica, contribución ao desenvolvemento da humanidade, avances científicos ou técnicos, vinculación da personaxe a vila eunesa.

A proposta será a que resulte a gañadora dun concurso realizado entre o alumnado da ESO dos centros escolares de Pontedeume entre os meses de abril e maio de 2017 e incluírá a xustificación de forma concluínte das razóns do outorgamento.

SEGUNDO: *Incoar procedemento tendente a aprobación da denominación con nome de muller do Centro Municipal de Maiores.*

A proposta será a que resulte a gañadora dun concurso realizado entre o alumnado da ESO dos centros escolares de Pontedeume entre os meses de abril e maio de 2017 e incluírá a xustificación de forma concluínte das razóns do outorgamento.

TERCEIRO: *Nomear como xuíz Instructor a Don Indalecio Cabana Leira, Xefe territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e como Secretaria das actuacións a Jovita Ayerbe Agraz.*

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Asina dixitalmente o Alcalde na data indicada na marxe."

*De seguido, sométese a votación a ratificación da urxencia e a inclusión do asunto na Orde do Día, quedando **RATIFICADA A URXENCIA** e a **INCLUSIÓN DO ASUNTOS NA ORDE DO DÍA por UNANIMIDADE** dos/as membros presentes.*

*Non habendo intervencións e sometido o asunto a votación, queda **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita **por 4 votos a favor** das concelleiras e concelleiros do PSOE (4): Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Silvia Fornos Permuy e **3 abstencións** do resto dos señores e señoras concelleiras, do PP (2): Dna. Ascensión de Vicente Olarte, Dna. María del Carmen Piñeiro Varela, e do BNG-AA (1): D. Jorge Serafín Allegue Freire.">>*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra Dna. Raquel Caruncho Corral quen explica os motivos da tramitación do expediente, que deriva da conmemoración do 8 de marzo, día internacional da muller e que a convocatoria do concurso para a elección do nome por parte do alumnado da ESO dos centros escolares de Pontedeume, está prevista para o mes de abril maio, tal e como se indica na propia proposta que se somete a aprobación.

De seguido, toma a palabra o portavoz do Grupo Municipal do PP. D. Francisco Javier Crespo Romeo di que, estando dacordo no fondo, cuestiona as formas xa que se está propoñendo o inicio dun procedemento a tramitar conforme ao regulamento de honras e distincións en base a unha proposta que considera "se lle ocorre a alguén nunhas horas", existindo neste Concello expedientes similares abertos sen concluír. Anuncia o voto favorable do seu grupo á proposta, por estar dacordo no fondo, mais non nas formas xa que, se ben considera que hai que abrir frentes, tamén hai pechalos, en relación aos expedientes similares que non se tramitaron na súa totalidade.

Dna. Ana Veira García, portavoz do BNG-AA considera que terían que saber unhas cantas cousas: cal é o procedemento, en que regulamento se basea, por que se fai unha instrución, por que se nomea un instructor cun perfil ideolóxico concreto...

Sobre a normativa na que se basea o procedemento, indícaselle que é no Regulamento de Honras e distincións.

A Sra. Veira García, manifesta que o regulamento de honras que descargou da páxina web municipal non se corresponde co que obra no expediente. Aclarado isto, volve preguntar o porque de que se escolla unha persoa, como instructor do expediente, cun perfil ideolóxico determinado.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que non se elixe polo seu perfil ideolóxico, se non pola súa vinculación co Concello de Ponte deume.

Dna. Ana Veira García di que é un cargo político.

O Sr. Fernández Piñeiro di que todas as ideoloxías son respetables.

Dna. Ana Veira García suxire que podería ter sido unha muller a xuíza instrutora e que debería ter sido unha persoa o máis plural posible, sen cargo político determinado. Di que tamén lle chama a atención que, se o nome vai ser para o centro de maiores, deberían ser as persoas maiores quen elixen o nome e sentirse así máis identificados. Di que lles gustaría votar a favor, pero anuncia a abstención do seu grupo por todo o anterior.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte suxire que se podería engadir, no punto segundo, a referencia á muller eumesa.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que non van ser os nenos e nenas quen elixan a proposta, se non que será un proceso orientado.

A Sra. de Vicente Olarte apunta que o actual centro de maiores, cando era o centro de maiores, déuselle a denominación de "Paulina Mendaño".

D. Andrés Pérez Pérez di que hai un acordo de Pleno no que se establecía que se o centro de saúde se trasladaba, trasladaríase tamén a denominación. Que se revisen as actas.

Intervén Dna. Raquel Caruncho Corral para indicar que na elección do xuíz instrutor non se tivo en conta que fose un cargo político, se non que era unha persoa de Ponte deume, coñecedora dos sitios....

D. Bernardo Fernández Piñeiro defende a proposta de xuíz instrutor e que a súa función é buscar os "méritos" da proposta que derive do proceso de elección; que da igual a súa ideoloxía.

Dna. Ana Veira García insiste en que non lle parece oportuno que se elixa un cargo político como xuíz instrutor do expediente, independentemente da persoa.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación resultando **ADOPTADO por 11 votos a favor** dos concelleiros/as do Grupo Municipal do PSdG-PSOE (7): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy e Dna. Marta Pico Machado; e do PP(4): D. Francisco Javier Crespo Romeo, Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez e **2 abstencións** do concelleiro e concelleira do BNG-AA: Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: Incoar procedemento tendente a que sexan denominadas con nome de muller aquelas rúas de nova creación ou que se actualice ou modifique o rúeiro cambiando o nome a aquelas que non teñen unha denominación que responda a criterios relevantes como: feitos de importancia histórica, contribución ao desenvolvemento da humanidade, avances científicos ou técnicos, vinculación da personaxe a vila eumesa.

A proposta será a que resulte a gañadora dun concurso realizado entre o alumnado da ESO dos centros escolares de Ponte deume entre os meses de abril e maio de 2017 e incluírá a xustificación de forma concluínte das razóns do outorgamento.



SEGUNDO: Incoar procedemento tendente a aprobación da denominación con nome de muller do Centro Municipal de Maiores.

A proposta será a que resulte a gañadora dun concurso realizado entre o alumnado da ESO dos centros escolares de Pontedeume entre os meses de abril e maio de 2017 e incluírá a xustificación de forma concluínte das razóns do outorgamento.

TERCEIRO: Nomear como xuíz Instructor a Don Indalecio Cabana Leira, Xefe territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e como Secretaria das actuacións a Jovita Ayerbe Agraz.

FÓRA DA ORDE DO DÍA:

Dende a Presidencia propónse a declaración da urxencia e a ratificación da inclusión na orde do día dos asuntos seguintes:

EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

<<PROPOSTA DE ACORDO.

BERNARDO FERNANDEZ PIÑEIRO, Alcalde-Presidente deste Concello, de conformidade coas atribucións que lle corresponden, ten a ben elevar ó Pleno a seguinte **PROPOSICION:**

Vista a proposta do departamento de Tesourería na que se propón ordear o pago a cada concelleiro, en concepto de asistencia a sesións de órganos colexiados da Corporación Municipal, das seguintes cantidades:

<i>Comisións informativas de asuntos ao Pleno: datas das sesións</i>
27.10.2016
26.12.2016
26.12.2016
26.12.2016

<i>Plenos: datas das sesións</i>
08.11.2016
14.11.2016
24.11.2016

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

28.11.2016

29.12.2016

Xuntas de Goberno: datas das sesións

02.11.2016

16.11.2016

01.12.2016

CONCELLEIRO/A	Asistencia Plenos	Asistencia X.G.L	Asistencia C.I.	TOTAL INDEMNIZACIÓNS
<i>D. Pedro Amado Sanmartín</i>	5	3	1	650,00€
<i>D. José Simoes Couceiro</i>	5	2	4	750,00€
<i>Dna. Silvia Fornos Permuy</i>	4	2	3	610,00€
<i>Dna. Marta Pico Machado</i>	5	3	3	750,00€
<i>D. Javier Crespo Romero</i>	3	0	3	420,00€
<i>Dna. María del Carmen Piñeiro Varela</i>	5	0	2	550,00€
<i>Dna. Ascensión de Vicente Olarte</i>	4	0	3	510,00€
<i>D. Andrés Pérez Pérez</i>	5	0	0	450,00€
<i>D. Jorge Serafin Allegue Freire</i>	5	0	2	550,00€



Dna. Ana Veira García	5	0	2	550,00€
				5.790,00€

O principio de anualidade presupostaria, recoñecido tradicionalmente pola doutrina, esixe que se imputen ó presuposto de cada ano soamente os gastos e ingresos derivados de adquisicións, obras ou servizos realizados dentro do mesmo exercicio presupostario.

Atendido que no artigo 162 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLHL), ó definir o Presuposto das entidades locais como “a expresión cifrada conxunta e sistemática das obrigacións que como máximo, pode recoñecer a Entidade, e os seus Organismos Autónomos, e dos dereitos que prevean liquidar durante o correspondente exercizo,...” está recoñecendo dito principio de anualidade presupostaria.

Considerando que no mesmo senso se pronuncia o artigo 2 do R.D. 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do TRLHL.

Tendo en conta que tanto o artigo 163 TRLHL como o artigo 3 do RD 500/1990, ó definir o exercizo presupostario, establecen:

“O exercicio presupostario coincidirá co ano natural e a él se imputarán:

...b) as obrigacións recoñecidas durante o mesmo”.

E por último, no relativo ós gastos, os artigos 176.1 TRLHL e 26.1 do RD 500/1990, que recollen: “Con cargo ós créditos do estado de gastos de cada presuposto sóo poderán contraerse obrigacións derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen dentro do ano natural do propio exercizo presupostario”.

Visto que o artigo 176.2 TRLHL establece unhas excepcións ó principio de anualidade e, posteriormente no seu desenvolvemento regulamentario, o artigo 26.2 do RD 500/1990 engade unha nova no seu apartado c) no seguinte senso:

“2. Non obstante o disposto no apartado anterior, aplicaranse ós créditos do Presuposto vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigacións seguintes:

...c) As obrigacións procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do presente Real Decreto.” (Art. 60.2 RD 500/1990: “Corresponderá ó Pleno da entidade local o recoñecemento extraxudicial de créditos,...”).

Visto que o artigo 173 TRLHL, dí que as obrigas de pago sóo serán exixibles da facenda local cando resulten da execución dos seus respectivos orzamentos, cos límites sinalados no artigo anterior, ou de sentenza xudicial firme, como é o caso.

Visto o informe da Interventora municipal de data 23.03.2017 no que emite reparo de legalidade con efectos suspensivos para aprobación de ditas asistencias por insuficiencia de crédito.

Por todo elo, se propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo con efectos suspensivos formulado pola Interventora municipal que consta no informe de data 23.03.2017 co fin de non provocar maiores perxuízos.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SEGUNDO.- Aprobar o gasto derivado das asistencias a órganos colexiados da Corporación levados acabo segundo os cadros anteriormente sinalados que importan a cantidade de CINCO MIL SETECENTOS NOVENTA EUROS (5.790,00€).

TERCEIRO.- Autorizar, dispoñer, recoñecer e pagar as obrigas correspondentes a cada un/ha dos/as concelleiros/as asistentes as sesións sinaladas no cadros.

Non obstante, o Concello Pleno acordará o que estime procedente.

Asinado dixitalmente polo Alcalde na data indicada na marxe. >>

A Presidencia xustifica a urxencia do asunto e explica as causas do expediente, coa mesma argumentación que para o abordado no punto segundo da orde do día.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra D. Francisco Javier Crespo Romeo. O portavoz do Grupo Municipal do PP remítese á súa intervención do punto segundo da orde do día.

Dña. Ana Veira García, portavoz do BNG-AA anuncia a abstención do seu grupo, cos mesmos razonamentos dados no punto segundo da orde do día.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a ratificación da urxencia e a inclusión do asunto na orde do día, quedando **RATIFICADA A URXENCIA e a INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA por UNANIMIDADE** dos membros presentes.

De seguido, sométese a proposta a votación, resultando **ADOPTADO por 7 votos a favor** dos concelleiros/as do Grupo Municipal do PSdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dña. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dña. Yolanda Vázquez Busto, Dña. Silvia Fornos Permuy e Dña. Marta Pico Machado, e **6 abstencións** do resto dos/as señores/as concelleiros, do PP(4): D. Francisco Javier Crespo Romeo, Dña. María Carmen Piñeiro Varela, Dña. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez, e do BNG-AA(2): Dña. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire, o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Levantar o reparo con efectos suspensivos formulado pola Interventora municipal que consta no informe de data 23.03.2017 co fin de non provocar maiores perxuízos.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto derivado das asistencias a órganos colexiados da Corporación levados acabo segundo os cadros anteriormente sinalados que importan a cantidade de CINCO MIL SETECENTOS NOVENTA EUROS (5.790,00€).

TERCEIRO.- Autorizar, dispoñer, recoñecer e pagar as obrigas correspondentes a cada un/ha dos/as concelleiros/as asistentes as sesións sinaladas no cadros.

EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

<<**PROPOSTA DE ACORDO**

*Esta Concellería Delegada de Facenda formula á Comisión Informativa Especial de Contas a seguinte **PROPOSTA DE DITAME:***



Vistas as seguintes facturas correspondentes á exercicios pechados, que importan a cantidade de SESENTA E SETE MIL SETENTA E DOUS EUROS E SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (67.072,69€)

DATA DOCUMENTO	DOCUMENTO	DATA DE REXISTRO	IMPORTE	TERCEIRO	NOME DE TERCEIRO	APLICACIÓN
02/01/2017	01 17	02/01/2017	2.237,14 €	B15776883	GALILANDIA, S.L.	2017 341 22731
02/01/2017	2 17	02/01/2017	2.337,13 €	B15776883	GALILANDIA, S.L.	2017 231 22714
02/01/2017	3 17	02/01/2017	1.235,03 €	B15776883	GALILANDIA, S.L.	2017 323 22733
02/01/2017	05 17	02/01/2017	411,40 €	B15776883	GALILANDIA, S.L.	2017 432 22799
02/01/2017	Emit- 18	02/01/2017	1.920,82 €	B15776883	GALILANDIA, S.L.	2017 323 22732
03/01/2017	FA- 146	03/01/2017	434,50 €	B79336590	HERBIN CONTROL PLAGAS, S.L.	2017 311 22700
20/04/2016	FE16321200581534	04/01/2017	413,71 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	2017 165 22100
20/04/2016	FE16321200581580	04/01/2017	152,51 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	2017 165 22100
20/04/2016	FE16321200581579	04/01/2017	48,99 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	2017 165 22100
20/04/2016	FE16321200581535	04/01/2017	804,63 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	2017 165 22100
01/01/2017	R31000005857	05/01/2017	22,99 €	A15474281	R.CABLE TELECOM.GALICIA,S	2017 920 22200
01/01/2017	R31000005894	05/01/2017	64,38 €	A15474281	R.CABLE TELECOM.GALICIA,S	2017 920 22200
01/01/2017	R31000005859	05/01/2017	14,52 €	A15474281	R.CABLE TELECOM.GALICIA,S	2017 920 22200
01/01/2017	R31000005886	05/01/2017	211,50 €	A15474281	R.CABLE TELECOM.GALICIA,S	2017 920 22200
01/01/2017	R31000006729	05/01/2017	45,98 €	A15474281	R.CABLE TELECOM.GALICIA,S	2017 920 22200
01/01/2017	R31000006733	05/01/2017	45,98 €	A15474281	R.CABLE TELECOM.GALICIA,S	2017 920 22200
01/01/2017	R31000006737	05/01/2017	45,98 €	A15474281	R.CABLE TELECOM.GALICIA,S	2017 920 22200
01/01/2017	R31000006720	05/01/2017	61,99 €	A15474281	R.CABLE TELECOM.GALICIA,S	2017 920 22200
01/01/2017	R31000006742	05/01/2017	45,98 €	A15474281	R.CABLE TELECOM.GALICIA,S	2017 920 22200
05/12/2016	FE16321219467006	06/01/2017	1.067,38 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	2017 341 22100
05/12/2016	FE16321219467004	06/01/2017	918,29 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	2017 165 22100
05/12/2016	FE16321219467008	06/01/2017	610,13 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	2017 241 22100
09/12/2016	FE16321219794945	06/01/2017	121,65 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	2017 161 22100
09/12/2016	FE16321219794944	06/01/2017	512,98 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	2017 165 22100
21/12/2016	FE16321220943687	06/01/2017	469,14 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	2017 165 22100
21/12/2016	FE16321220943684	06/01/2017	653,42 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	2017 165 22100
21/12/2016	FE16321220943683	06/01/2017	2.151,23 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	2017 165 22100

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

21/12/2016	FE16321220943688	06/01/2017	114,74 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	2017	165 22100
21/12/2016	FE16321220943690	06/01/2017	899,74 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	2017	165 22100
21/12/2016	FE16321220943689	06/01/2017	225,98 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	2017	161 22100
21/12/2016	FE16321220943691	06/01/2017	434,70 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	2017	341 22100
21/12/2016	FE16321220943685	06/01/2017	2.365,05 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	2017	165 22100
21/12/2016	FE16321220943692	06/01/2017	175,27 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	2017	161 22100
21/12/2016	FE16321220943775	06/01/2017	105,75 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	2017	165 22100
21/12/2016	FE16321220943774	06/01/2017	1.197,80 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	2017	165 22100
21/12/2016	FE16321220943767	06/01/2017	707,03 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	2017	161 22100
21/12/2016	FE16321220943773	06/01/2017	185,12 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	2017	165 22100
22/12/2016	FE16321221153455	06/01/2017	757,73 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	2017	165 22100
21/12/2016	FE16321220943766	09/01/2017	590,50 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	2017	165 22100
30/11/2016	57121034	10/01/2017	890,56 €	A78007473	LEASE PLAN SERVICIOS,S.A.	2017	132 20400
31/12/2016	57130803	10/01/2017	430,91 €	A78007473	LEASE PLAN SERVICIOS,S.A.	2017	132 20400
31/12/2016	2016/3549	11/01/2017	17.167,99 €	A15379803	SOGAMA, S.A.	2017	1623 22722
30/12/2016	152/2016	11/01/2017	2.193,73 €	F70013974	XEMASE SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	2017	341 22609
31/12/2016	P16 016291	14/01/2017	726,00 €	A15000649	LA VOZ DE GALICIA,S.A.	2017	920 22602
31/12/2016	1701 22	19/01/2017	652,17 €	B15412307	COMBUSTIBLES RIO EUME,S,L	2017	450 22103
31/12/2016	1701 23	19/01/2017	1.663,98 €	B15412307	COMBUSTIBLES RIO EUME,S,L	2017	1621 22103
19/12/2016	02332016AN00022727	24/01/2017	43,71 €	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	2017	161 22501
13/12/2016	02332016AN00018307	24/01/2017	63,94 €	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	2017	161 22501
31/12/2016	Emit- 1	24/01/2017	648,19 €	B70342555	FERCOEUME SL	2017	450 22199
13/01/2017	Emit- 22	27/01/2017	2.605,85 €	B15405202	TALLERES CREMAR,S,L.	2017	1621 21400
03/01/2017	003/17	04/01/2017	1.089,00 €	76402298R	SANTISO MARTINEZ Mª DOLORES	2017	334 22609
13/12/2016	02332016AN00018316	02/02/2017	15,11 €	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	2017	161 22501



13/12/2016	02332016AN00020288	02/02/2017	495,30 €	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	2017	161 22501
19/12/2016	02332016AN00020415	02/02/2017	125,70 €	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	2017	161 22501
13/12/2016	02332016AN00018309	02/02/2017	78,74 €	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	2017	161 22501
13/12/2016	02332016AN00018315	02/02/2017	8,15 €	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	2017	161 22501
13/12/2016	02332016AN00018314	02/02/2017	6,12 €	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	2017	161 22501
19/12/2016	02332016AN00020411	02/02/2017	6,12 €	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	2017	161 22501
19/12/2016	02332016AN00020419	02/02/2017	86,51 €	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	2017	161 22501
20/12/2016	02332016AN00022731	02/02/2017	1.674,51 €	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	2017	161 22501
13/12/2016	02332016AN00018313	02/02/2017	18,59 €	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	2017	161 22501
19/12/2016	02332016AN00020418	02/02/2017	194,95 €	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	2017	161 22501
19/12/2016	02332016AN00020417	02/02/2017	11,05 €	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	2017	161 22501
19/12/2016	02332016AN00020408	02/02/2017	22,65 €	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	2017	161 22501
13/12/2016	02332016AN00018312	02/02/2017	16,27 €	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	2017	161 22501
19/12/2016	02332016AN00020414	02/02/2017	6,99 €	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	2017	161 22501
13/12/2016	02332016AN00018320	02/02/2017	125,28 €	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	2017	161 22501
19/12/2016	02332016AN00022728	02/02/2017	6,99 €	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	2017	161 22501
19/12/2016	02332016AN00020410	02/02/2017	6,12 €	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	2017	161 22501
02/02/2017	Emit- 27	02/02/2017	2.359,50 €	76407193C	MARTINEZ IBON JUAN MANUEL	2017	1622 22713
31/12/2016	FN20162536	03/02/2017	2.153,39 €	B15535552	MERCARTABRIA, S.L.UNIPERSONAL	2017	231 48000
						2017	231 22699
21/12/2016	1000978	12/01/2017	68,39 €	32684164Z	ATILANO LÓPÈZ FEAL	2017	334 22110
						2017	241 22110

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

30/12/2016	2016/000297	13/01/2017	260,39 €	32647528V	JESÚS MEIZOSO COUTO	2017 231 22618
						2017 135 22699
						2017 450 22699
20/01/2017	A-564	20/01/2017	340,75 €	32645215G	AMENEIRO ANCA MANUEL	2017 450 22699
30/12/2016	8	03/02/2017	541,25 €	76399924L	DOLORES SALORIO FRAGA	2017 450 22699
						2017 334 22699
30/12/2016	V6 236	30/12/2016	2.420,00 €	B15734478	VAZQUEZ GARZON, S.L.	2017 1621 22700
09/12/2016	104/16	15/12/2016	2.237,13 €	B15776883	GALILANDIA, S.L.	2017 341 22731
25/12/2016	1/01629038	29/12/2016	532,65 €	B15361348	NEA F3 IBEIRICA, S.L.	2017 920 21300
						2017 231 21300
						2017 450 21300
						2017 931 21300
14/12/2016	53	14/12/2016	121,00 €	32701826N	FRANCISCO BORJA PENA GÓMEZ	2017 164 22799
13/12/2016	0303033	30/12/2016	30,25 €	76415003X	CALVO TENREIRO ANA MARIA	2017 450 22699
09/12/2016		09/12/2016	108,02 €	32652681H	JUAN CARLOS GALDO PAZ	2017 132 23020
						2017 132 23120

O principio de anualidade presupostaria, recoñecido tradicionalmente pola doutrina, esixe que se imputen ó presuposto de cada ano soamente os gastos e ingresos derivados de adquisicións, obras ou servizos realizados dentro do mesmo exercicio presupostario.

Atendido que no artigo 162 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLHL), ó definir o Presuposto das entidades locais como “a expresión cifrada conxunta e sistemática das obrigacións que como máximo, pode recoñecer a Entidade, e os seus Organismos Autónomos, e dos dereitos que prevean liquidar durante o correspondente exercicio,...” está recoñecendo dito principio de anualidade presupostaria.

Considerando que no mesmo senso se pronuncia o artigo 2 do R.D. 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do TRLHL.

Tendo en conta que tanto o artigo 163 TRLHL como o artigo 3 do RD 500/1990, ó definir o exercicio presupostario, establecen:

“O exercicio presupostario coincidirá co ano natural e a él se imputarán:

...b) as obrigacións recoñecidas durante o mesmo”.

E por último, no relativo ós gastos, os artigos 176.1 TRLHL e 26.1 do RD 500/1990, que recollen: “Con cargo ós créditos do estado de gastos de cada presuposto sólo poderán



contraerse obrigacións derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen dentro do ano natural do propio exercizo presupostario”.

Vista que a relación de facturas correspondentes a exercicio pechado que se somete agora a aprobación non foi sometida no seu momento por falla de consignación presupostaria.

Visto que o artigo 176.2 TRLHL establece unhas excepcións ó principio de anualidade e, posteriormente no seu desenvolvemento regulamentario, o artigo 26.2 do RD 500/1990 engade unha nova no seu apartado c) no seguinte senso:

“2. Non obstante o disposto no apartado anterior, aplicaranse ós créditos do Presuposto vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigacións seguintes:

...c) As obrigacións procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do presente Real Decreto.” (Art. 60.2 RD 500/1990: “Corresponderá ó Pleno da entidade local o recoñecemento extraxudicial de créditos,...”).

Visto que o artigo 173 TRLRHL, dí que as obrigas de pago sólo serán exixibles da facenda local cando resulten da execución dos seus respectivos orzamentos, cos límites sinalados no artigo anterior, ou de sentenza xudicial firme, como é o caso.

Visto o informe da Interventora municipal de data 16,03,2017 no que se emite informe de reparo de legalidade con efectos suspensivos á aprobación das citadas facturas por insuficiencia de crédito, pola non fiscalización dos actos que darán orixe ás ordes de pago e pola omisión nos expedientes de requisitos e trámites esenciais.

Tendo en conta o indicado pola Interventora, esta Alcaldía a medio de providencia da alcaldía de data 13,03,2017 solicitou informe xurídico sobre a tramitación administrativa dos distintos procedementos de contratación levados a cabo polo concello de Pontedeume a colación dun informe análogo ao presente emitido pola intervención. Os servizos xurídicos emiten informe en data 30,03,2017 advertindo do procedemento de contratación de preceptivo cumprimento, atendendo ao indicado na lexislación de contratos do sector público. Esta Alcaldía no momento da toma de posesión encontra no concello de Pontedeume a contratación de múltiples servizos, obras e suministros sen dar cumprimento ao procedemento legalmente establecido. Así, na medida que a carga de traballo dos distintos departamentos municipais poidan ir tramitando os correspondentes expedientes conforme ao procedemento advertido polos servizos xurídicos en informe emitido en suposto análogo ao actual irase regularizando a contratación administrativa conforme a lei. Así xa son decenas as obras, servizos e suministros nos que dende a toma de posesión tramitouse procedemento administrativo correcto e progresivamente iranse tramitando novos procedementos. Todo elo tendo en conta o escaso persoal co que conta este concello e o retraso nalgúns casos de máis de oito anos sen tramitación de procedementos administrativos ao efecto.

Por todo elo, se propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- LEVANTAR o reparo con efectos suspensivos formulado pola Interventora municipal, que consta no informe de data 16.03.2017

SEGUNDO.- APROBAR o correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos das facturas correspondentes a exercicio pechado que importan a cantidade de 67.072,69€ (SESENTA E SETE MIL SETENTA E DOUS EUROS E SESENTA E NOVE CÉNTIMOS)

TERCEIRO.- Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes á indemnización por enriquecemento inxusto de cada un dos acreedores relacionados con cargo a cada unha das partidas recollidas na relación.

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Asinado dixitalmente polo Alcalde na data que figura na marxe.>>

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A Presidencia xustifica a urxencia do asunto e da conta do contido do expediente. Indica que se trata, excepto catro do mes de decembro, de facturas do ano 2017, polo que non ten relación coa falla de previsión xa que non se poden pagar as facturas ata que chegan; que se trata de facturas de empresas que xa estaban a prestar os seus servizos ao concello, menos tres, e que se está a traballar na regularización da prestación daqueles, poñendo como exemplo a contratación do Servizo de Axuda a Domicilio sobre o que se ven de adoptar o acordo de clasificación de ofertas e proposta de adxudicación. Di que se trata dunha situación herdada e non xerada. Fai referencia ás facturas de Víaqua polo canon de saneamento que ten que asumir o Concello. Conclúe dicindo que o único xeito de poder pagar as facturas é por este sistema.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra o portavoz do Grupo Municipal do PP. D. Francisco Javier Crespo Romeo fai referencia ao número de recoñecementos extraxudiciais que se traen a este pleno, tres, co que considera constatada a forma e maneira de traballar do goberno local. Remítese aos informes que cualifica como, duros, da intervención municipal, que considera constata o contido da súa intervención. Considera que as empresas que traballan para o concello deben cumprir uns requisitos, sobre a presentación de facturas, polo que se non se cumpren, haberá que adoptar medidas. Sobre a situación herdada á que se refería o Sr. Alcalde-Presidente na súa intervención, o Sr. Crespo Romeo di que agora, despois de 21 meses e con persoal suficiente, débese "acelerar". Di non recordar que neste concello se deran tres expedientes desta natureza nun só Pleno.

De seguido, intervén Dna. Ana Veira García. A portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA anuncia que o voto do seu grupo será a abstención polas argumentacións xa dadas. Considera que, igual que a administración ten un tempo para realizar os pagamentos, suponse que se ten que establecer un tempo para entregar as facturas pro parte das empresas. Pregunta se hai algunha fórmula ou maneira de acotar os tempos en que as empresas teñen que facturar.

Indícase que hai un prazo legal para a presentación de facturas, se ben este prazo non se pode aplicar ás facturas por servizos presetados no mes de decembro ou que se presentan a finais de ano. Dise que a obriga de tramitar electrónicamente as facturas está a complicar tamén a presentación destes documentos por parte dalgunhas empresas e/ou autónomos que traballan para o concello.

D. Jorge Serafín Allegue Freire di que se debe de acotar dende o Concello o tempo no que se podan presentar as facturas.

Dna. Ana Veira indica que se deben adoptar as medidas necesarias para que en cada Pleno haiba que adoptar acordos deste tipo.

Intervén o Sr. Presidente. D. Bernardo Fernández Piñeiro di que sempre houbo recoñecementos extraxudiciais e que non se pode un día dicir que se paguen as facturas e outro día que non se paguen. Xustifica a tramitación do expediente coa presentación de facturas "tarde". Ante as intervencións anteriores pregunta se o que se quere é que as empresas que non presentan as facturas en prazo non cobren, cando se podería prexudicar a empesas pequenas..., se ben concorda con que se lles debe de informar dos prazos para a emisión das facturas.

Dna. Ana Veira di que a información ás empresas reduciría o volume de facturas que integran este tipo de expedientes, quedando reducidos a cousas puntuais, excepcionais.



Concluídas as intervencións, sométese a votación a ratificación da urxencia e a inclusión do asunto na orde do día, quedando **RATIFICADA A URXENCIA e a INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA por UNANIMIDADE** dos membros presentes.

De seguido, sométese a proposta a votación, resultando **ADOPTADO por 7 votos a favor** dos concelleiros/as do Grupo Municipal do PSDG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy e Dna. Marta Pico Machado, e **6 abstencións** do resto dos/as señores/as concelleiros, do PP(4): D. Francisco Javier Crespo Romeo, Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez, e do BNG-AA(2): Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- LEVANTAR o reparo con efectos suspensivos formulado pola Interventora municipal, que consta no informe de data 16.03.2017

SEGUNDO.- APROBAR o correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos das facturas correspondentes a exercicio pechado que importan a cantidade de 67.072,69€ (SESENTA E SETE MIL SETENTA E DOUS EUROS E SESENTA E NOVE CÉNTIMOS)

TERCEIRO.- Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes á indemnización por enriquecemento inxusto de cada un dos acreedores relacionados con cargo a cada unha das partidas recollidas na relación.

5.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.

Non houbo.

6.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 30/03/2017

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **67.2017** de 20 de febreiro ao **145.2017** de 24 de marzo, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2017/G003/000078	CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO DE 23/02/2017	67/2017	20/02/2017
2017/G003/000080	RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO	72/2017	21/02/2017
2017/G003/000089	PROPOSTA DE ADJUDICACIÓN "CONTROL DE CALIDADE OBRA DE REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME"	68/2017	22/02/2017
2017/G003/000088	EXPEDIENTE INCORPORACIÓN REMENENTES DE CREDITO	69/2017	22/02/2017
2017/G003/000086	LISTA DEFINITIVA ADMITIDOS, PROCESO SELECCIÓN PERSOAL LABORAL PARA A CATEGORIA DE AUXILIAR NO FOGAR.	70/2017	22/02/2017

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2017/G003/000104	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR TRANSFERENCIA 001/2017, PARTIDAS PERSONAL.	71/2017	23/02/2017
2017/G003/000091	INCIDENCIAS NÓMINA MES FEBREIRO 2017.	73/2017	23/02/2017
2017/G003/000093	RESOLUCIÓN NÓMINA MES FEBREIRO 2017.	74/2017	23/02/2017
2017/G003/000054	ABOAMENTO DIFERENZAS SALARIAIS DE M ^a ESTHER LEIRA PENABAD MOTIVADAS POLO PASE A EXCECENCIA FORZOSA.	75/2017	23/02/2017
2017/G003/000052	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A MELLORA DAS COLECCIÓN BIBLIOGRÁFICAS DAS BIBLIOTECAS, INTEGRADAS NA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA PARA O ANO 2017.	76/2017	24/02/2017
2017/G003/000090	APROBACIÓN EXPEDIENTE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS	77/2017	24/02/2017
2017/G003/000087	PAGO A XUSTIFICAR -FÓRUM GASTRONÓMICO-.	78/2017	24/02/2017
2017/G003/000073	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA MINUSVALÍDOS	79/2017	24/02/2017
2017/G003/000075	Xustificación do Programa de Financiamento dos Servizos Sociais Municipais ano 2016	80/2017	24/02/2017
2017/G003/000098	PAGO A XUSTIFICAR PARA A ENTREGA DE PREMIOS DO CONCURSO DE DISFRACES DE ADULTOS -ENTROIDO 2017-.	81/2017	24/02/2017
2017/G003/000083	EXPEDIENTE EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO	83/2017	24/02/2017
2017/G003/000105	PAGO A XUSTIFICAR ENTREGA PREMIOS CONCURSO DE COMPARSAS/2017 -MARTES DE ENTROIDO-	82/2017	27/02/2017
2017/G003/000106	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DE 01/03/2017	84/2017	27/02/2017
2017/G003/000107	ADXUDICACIÓN CONTROL DE CALIDADE "REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME"	85/2017	01/03/2017
2017/G003/000094	RELACIÓN DE FACTURAS O/2017/2	86/2017	01/03/2017
2017/G003/000108	APROBACIÓN DEVOLUCIÓN GARANTÍA DEFINITIVA DA OBRA DENOMINADA MELLORA NA REDE DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE OMBRE EXECUTADA POR PROYECTA ACTIVIDADES PROFESIONALES DE LA CONSTRUCCÓN S.L.	87/2017	01/03/2017
2017/G003/000110	Baixa no Servizo de axuda no fogar de libre concorrencia	88/2017	01/03/2017
2017/G003/000111	OTORGAMENTO LICENZA PARA TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS A NOME DE D. RUBEN YAMIN	89/2017	01/03/2017



	LOPEZ MARTINEZ. (001/X003).		
2017/G003/000124	MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE TRANSFERENCIA DE CREDITO PARTIDAS DE PERSOAL	90/2017	03/03/2017
2017/G003/000118	Solicitude de axuda á Deputación da Coruña para mantemento dun técnico en xestión cultural para o ano 2017	91/2017	03/03/2017
2017/G003/000125	Solicitude de axuda á Deputación da Coruña para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación para o ano 2017.	92/2017	03/03/2017
2017/G003/000122	Solicitude de axuda á Deputación da Coruña para contratar un técnico deportivo para o ano 2017.	93/2017	03/03/2017
2017/G003/000096	INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES TRÁFICO (SALORIO***.SAAVEDRA***)	94/2017	03/03/2017
2017/G003/000130	APROBACIÓN DEVOLUCIÓN GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUIDA PARA RESPONDER DO SERVIZO DE ATENCIÓN A PRIMEIRA INFANCIA NO CHALET ROSA DO CONCELLO DE PONTEDEUME, CONSTITUIDA POLA EMPRESA ANA NAYA GARCIA S.L.	95/2017	07/03/2017
2017/G003/000112	APROBACIÓN DEVOLUCIÓN GARANTÍA DEFINITIVA PARA RESPONDER DA OBRA DENOMINADA REMODELACIÓN DO XARDÍN PÚBLICO NA ALAMEDA DE RAXOI, DEPOSITADA POLA EMPRESA PROYECTA ACTIVIDADES PROFESIONALES DE LA CONSTRUCCIÓN S.L.	96/2017	07/03/2017
2017/G003/000129	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DE 08.03.2017	97/2017	07/03/2017
2017/G003/000137	APROBACIÓN DAS BASES DO "IV MES DO TEATRO AFEECCIONADO PONTEDEUME EN OBRAS"	100/2017	10/03/2017
2017/G003/000138	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA PAGO A XUSTIFICAR Nº1/2017, TAXA ITV 4010-CXZ. VÍAS E OBRAS.	101/2017	10/03/2017
2017/G003/000127	BAIXA LIQUIDACIÓNS TAXA OCUPACIÓN VÍA PÚBLICA VENDA AMBULANTE A NOME DE TARIK LAHAOUJ.	98/2017	10/03/2017
2017/G003/000119	XXVII CONCURSO DE CONTOS VILA DE PONTEDEUME	99/2017	10/03/2017
2017/G003/000135	INICIO SANCIONADORES TRÁFICO (PÉREZ***)	102/2017	13/03/2017
2017/G003/000095	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA.	103/2017	13/03/2017
2017/G003/000097	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	104/2017	13/03/2017
2017/G003/000100	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA.	105/2017	13/03/2017

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2017/G003/000101	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓ DE LICENZA URBANÍSTICA	106/2017	13/03/2017
2017/G003/000102	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓ DE LICENZA URBANÍSTICA	107/2017	13/03/2017
2017/G003/000114	APROBACIÓN DEVOLUCIÓN GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUIDA PARA RESPONDER DA OBRA DENOMINADA RENOVACIÓN REDE ABASTECIMENTO NAS RÚAS: DOCTOR VILLANUEVA, TORRENTE BALLESTER E EDUARDO PONDAL (POS/2014) CONSTITUIDA POLA EMPRESA ORMER CONSTRUCCIONES S.L.	108/2017	13/03/2017
2017/G003/000058	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓ DE LICENZA URBANÍSTICA	109/2017	13/03/2017
2017/G003/000059	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓ DE LICENZA URBANÍSTICA	110/2017	13/03/2017
2017/G003/000060	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓ DE LICENZA URBANÍSTICA	111/2017	13/03/2017
2017/G003/000061	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓ DE LICENZA URBANÍSTICA	112/2017	13/03/2017
2017/G003/000121	APROBACIÓN DEVOLUCIÓN GARANTIA DEFINITIVA PARA RESPONDER DA OBRA DENOMINADA CENTRALIZACIÓN, XESTIÓN E REDUCCIÓN DO GASTO ENERXÉTICO NA ILUMINACIÓN PÚBLICA 2011, CONSTITUIDA POLA EMPRESA ELECTRICIDAD CRUCEIRO S.L.	113/2017	13/03/2017
2017/G003/000134	AXUDA EMERXENCIA SOCIAL (SIUSS 1510001000292).	114/2017	13/03/2017
2017/G003/000132	APROBACION DEVOLUCION GARANTÍA DEFINITIVA PARA RESPONDER DA OBRA DENOMINADA CAMIÑO DE ACCESO DE VEIGA A ALLEGUE (BREAMO) E MELLORA DE DRENAXE DE PLUVIAIS EN CABRÍA E VIDRIEIRO, CONSTITUIDA POR CONSTRUCCIONES FEGO ATLANTICO S.L.	115/2017	13/03/2017
2017/G003/000128	BASES SELECCIÓN PARA CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL, PEL 2017. SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AOS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES ANULAIDADE 2017	116/2017	13/03/2017
2017/G003/000145	EXPEDIENTE DE LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓ DE LICENZA URBANÍSTICA	117/2017	13/03/2017



2017/G003/000143	SOLICITUDE AXUDA AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE PROGRAMAS DA DEPUTACION PROVINCIAL PARA LIMPEZA DE PRAIAS 2017	118/2017	13/03/2017
2017/G003/000126	DECRETO DE INICIO DO CONTRATO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS DO CONCELLO DE PONTEDEUME	119/2017	13/03/2017
2017/G003/000136	CONTRATAÇÃO DOS TRABALLOS DE CONTROL DE CALIDADE DA OBRA RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DENDE AVDA LOMBARDEIRO A AVDA VILLANUEVA (POS 2015) (Expte. 2017/C002/000001)	120/2017	13/03/2017
2017/G003/000140	RELACIÓN DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIONES NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES NO MES DE FEBREIRO DE 2017	121/2017	13/03/2017
2017/G003/000144	RESOLUCIÓN SANCIONADORES DE MULTAS DE TRÁFICO (AMHARE***-ROMERO***)	122/2017	14/03/2017
2017/G003/000142	APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CLUB ACORDES PONTEDEUME, ANO 2017	123/2017	14/03/2017
2017/G003/000133	APROBACIÓN DEFINITIVA DEVOLUCION GARANTIA DEFINITIVA PARA RESPONDER DO SERVIZO DE RECAUDADORA EXECUTIVA DO CONCELLO DE PONTEDEUME, CONSTITUIDA POR DONA JOSEFINA FERNANDEZ MIGUELEZ	124/2017	14/03/2017
2017/G003/000120	APROBACIÓN DEVOLUCIÓN GARANTÍA DEFINITIVA PARA RESPONDER DO CONTRATO DENOMINADO ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACIÓN DA NOVA SINALIZACIÓN E MELLORA DOS ACCESOS AO PARQUE NATURAL DAS FRAGAS DO EUME, CONSTITUIDA POLA EMPRESA GALOPIN PARQUES S.L.	125/2017	14/03/2017
2017/G003/000131	APROBACIÓN DEVOLUCIÓN GARANTÍA DEFINITIVA PARA RESPONDER DAS OBRAS DE ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS DO MATADOIRO DE PONTEDEUME, CONSTITUIDA POR JOSÉ MARÍA SEIJAS VÁZQUEZ	126/2017	14/03/2017
2017/G003/000141	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA PAGO A XUSTIFICAR Nº 4/2017.	127/2017	14/03/2017
2017/G003/000148	Solicitud de axuda á Deputación da Coruña para gastos de persoal de oficina de turismo para o ano 2017.	128/2017	15/03/2017
2017/G003/000113	APROBACIÓN DEVOLUCION GARANTIA DEFINITIVA PARA RESPONDER DA OBRA DENOMINADA REPARACIÓN DE PAVIMENTACIÓN DE ANTIGO CAMPO DE FÚTBOL PARA APARCAMENTO, DEPOSITADA POLA EMPRESA ORMER CONSTRUCCIONES S.L.	129/2017	16/03/2017
2017/G003/000152	RECOÑECEMENTO ANTIGÜIDADE DA FUNCIONARIA INTERINA DONA MARÍA ROCA VÁZQUEZ	130/2017	16/03/2017
2017/G003/000153	RECOÑECEMENTO DE ANTIGÜIDADE DE DONA MARÍA ÁNGELES CASTRO DÍAZ.	131/2017	16/03/2017
2017/G003/000154	PADRÓNS AXUDA NO FOGAR, DEPENDENCIA E LIBRE CONCURRENCIA, XANEIRO 2017.	132/2017	16/03/2017

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2017/G003/000155	PADRÓNS AXUDA NO FOGAR, DEPENDENCIA E LIBRE CONCURRENCIA, FEBREIRO 2017.	133/2017	16/03/2017
2017/G003/000064	RESOLUCIÓN IMPOSICIÓN DE PENALIDADES "REMODELACIÓN DO XARDÍN PÚBLICO NA ALAMEDA DE RAXOI"	134/2017	16/03/2017
2017/G003/000065	Resolución imposición de penalidades "Reparación rede de saneamento na Parroquia de Vilar"	135/2017	16/03/2017
2017/G003/000146	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA, PAGO A XUSTIFICAR Nº 11/2016.	136/2017	16/03/2017
2017/G003/000147	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA, PAGO A XUSTIFICAR Nº 3/2017.	137/2017	16/03/2017
2017/G003/000123	CORRECCIÓN ERROS NA RESOLUCIÓN DA ALCALDIA 69/2017 DE DATA 22.02.2017	138/2017	20/03/2017
2017/G003/000156	Sustitución de alumbrado público no Polígono Industrial de Vidreiro.	139/2017	20/03/2017
2017/G003/000159	INICIO SANCIONADORES TRÁFICO (LÓPEZ***-QUINTE***)	140/2017	20/03/2017
2017/G003/000150	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 22.03.2017.	141/2017	21/03/2017
2017/G003/000157	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA ORDINARIA DE 24.03.2017	142/2017	21/03/2017
2017/G003/000161	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE SERVIZOS SOCIAIS, EDUCACIÓN, DEPORTES, COMERCIO, TURISMO E CULTURA E XUVENTUDE E PARQUES E XARDÍNS DE 24.03.2017	143/2017	21/03/2017
2017/G003/000163	AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL (SIUSS 1510001001743)	144/2017	23/03/2017
2017/G003/000171	DEVOLUCIÓN REMANENTE SUBVENCIÓN EXPTE Nº TR351F 2016/46-1.	145/2017	24/03/2017

Asinado dixitalmente, na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro. "

Os membros presentes **TOMAN RAZÓN**.

7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

O portavoz do Grupo Municipal do PP plantexa os seguintes **ROGOS**:

1.- Solicitamos Colocación dunha placa identificativa da Avenida de Ferrol na fachada da autoescola San Xosé.



2.- Rogamos que se renove o firme da Avda. de Rajoy.

3.- Ante a problemática da praga da pataca, rogan que organice unha conferencia ao respecto.

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que xa está programada, logo dunha reunión na delegación territorial, para o venres que ven ás 19:30h na Casa da Cultura.

D. Francisco Javier Crespo Romeo di que dende o seu grupo tamén teñen feito xestións para que se realizara, chamando á Consellaría e Xefatura Territorial.

4.- Ante a celebración da Semana Santa, rogan que se limpen e desbrocen os atrios das igrexas, así como que se proceda ao parcheo dos socavóns da contorna da Igrexa de Santiago.

5.- Ante as queixas das persoas usuarias, rogan que se reunan cos xestores da piscina municipal polas malas condicións das instalacións (suciedade, máquinas defectuosas...)

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que xa se ten celebrado unha reunión hai tres semanas, onde se lle teñen trasladado as queixas. Informa que se está a redactar un informe de todas as deficiencias, para a reclamación á empresa das actuacións necesarias, xa que non se está a actuar.

6.- Rogan que se teñan en conta as seguintes aclaracións sobre a Depuradora de Ombre:

Que non hai contador porque, logo de 21 meses, o goberno local non o contratou. Igualmente, non se atopou o boletín logo de 21 meses, que ten que estar no Concello; Que sí se pode ceder a Viaqua. Convida ao Sr. Alcalde-Presidente a que lea o contrato e que se defendan os intereses do concello; Que a chave, que se dixo que a tiña Gabriel Torrente, está na oficina do conserxe; Que é normal que estivera cuberta silvas se non se ten realizado o mantemento da zona en 21 meses; Que se non hai contador é porque non se tramitou a contratación administrativa; Que a caixa do contador está fóra do recinto e polo tanto, non hai nada que cortar; Respecto aos cables, di que non están sueltos, que están conectados cunha ficha; Que debería estar cedida a Viaqua e non se fixo.

Toma a palabra D. Bernardo Fernández Piñeiro que di amosarse sorprendido coa intervención do portavoz do PP, que considera non se corresponde coa realidade. Defende a actuación do goberno local e di que chegado á Alcaldía, deu por feito que o anterior goberno xa o tiña contratado e que, polo tanto, non hai contrato porque o goberno anterior non o contratou e tampouco ninguén o informou da situación. Que logo de buscar, non atopan o boletín e di ao portavoz do PP que, tendo sido el concelleiro de obras, algo haberá de saber. Di que dixo que estaba sen ceder, non que non se puidera ceder e que a chave non estaba, porque se buscou, téndose que forzar a pechadura. Indica que se limpou a maleza cando accederon ao goberno local e que hoxe está bastante mellor, xa que non se vía. Que non é consciente de ter dito que os cables estaban soltos, e que o problema era que non había contador, nunha obra que levaba anos feita. Considera que a situación é froito da incompetencia e do desleixo do goberno anterior, que levou a que unha depuradora non tivera contador e estivera abandonada.

D. Francisco Javier Crespo Romeo di que había un contador, da empresa construtora e que, como é lóxico, o concelleiro non garda os boletíns. Pregúnta ao Alcalde se non revisou os recibos.

D. Bernardo Fernández Piñeiro preguntalle ao Sr. Crespo se el revisaba os recibos e pide respecto pola institución.

D. Francisco Javier Crespo Romeo pregunta polas análises de control de verquidos.

O Sr. Alcalde-Presidente indica que o último que chegou deu perfecto.

O Sr. Crespo Romeo considera que é imposible.

O Sr. Fernández Piñeiro di que está a dicir o que di "Medio Ambiente".

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

De seguido prodúcese un debate ao respecto da responsabilidade de que non estea tramitada a contratación do contador.

7.- Rogan, ante a chegada do bon tempo, o arranxo da madeira dos pantaláns do Porto.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que non é competencia do concello a realización desa actuación.

D. Francisco Javier Crespo Romeo di que se solicite, que se tramite a solicitude dende o Concello.

8.- Rogan que se reparen os desperfectos do camiño da Pía a Valdeviñatos.

9.- Rogan que se tramite o pintado coa Deputación da estrada de Boebre e Centroña.

D. Bernardo Fernández Piñeiro informa que falta por aglomerar un tramo, no que están metendo a acometida da auga. Di que cando se remate, pintárase todo xunto.

D. Francisco Javier Crespo Romeo suxire que se podería pintar de amarelo.

10.- Rogan o pintado dun paso de cebra na zona do Cruceiro, na zona de negocios.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que non é competencia do Concello.

Dende o PP suxiíren que se tramite a solicitude do pintado.

11.- Solicitan que se repoña, por petición vecinal, a conexión provisional, a auga da Fonte do Pilón.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que non se pode repoñer porque se vai desmontar o muro.

Dende o PP pregúntase se non se pode conectar provisionalmente ou se se vai agardar a que remate a obra do mercado.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se vai agardar a que remate a obra do mercado, como xa dixo.

12.- Rogan que se fagan efectivos os rogos de Plenos anteriores.

E as seguintes **PREGUNTAS**:

1ª.- Hemos visto, estos días, que ya tienen el proyecto para el arreglo del tejado del Mercado Municipal. Su importe es más del doble del que manejaba el gobierno, ¿por qué este incremento tan enorme? ¿como están los trámites con la empresa?, ¿cómo se va a financiar?

Dende a Presidencia, D. Bernardo Fernández Piñeiro di que o importe que se manexaba inicialmente era o que se trasladaba dende a empresa, se ben, unha vez encargado o proxecto, o importe é practicamente o mesmo que o da obra de renovación da cuberta xa que só se podería aproveitar a tella. Deuse traslado do custo á empresa mais, como xa se ten trasladado, asumirá o custo o Concello e reclamará a responsabilidade en vía xudicial. Indica que se vai financiar con recursos propios e fai referencia aos máis de cen mil euros que se van aforrar na contratación do SAF.

Dña. Ascensión de Vicente Olarte pregunta se poden ter unha copia do proxecto.

D. Bernardo di que non, que o poden consultar.



Dna. M^a Carmen Piñeiro Varela pregunta se hai outro proxecto ou é o que había.

O Sr. Fernández Piñeiro contesta que hai outro, que non é o mesmo traballo, que hai que desmontar a cuberta.

Dna. M^a Carmen Piñeiro Varela pregunta polo aval.

O Sr. Alcalde aclara que ao que se refire a concelleira do PP é ao 10% para imprevistos da obra principal e que, non se axusta ao caso.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte pregunta se se pode empezar a obra antes de reclamar.

Indícase, como aclaración á pregunta anterior que a obra e a reclamación á empresa/aseguradoras, vanse facer de forma paralela.

Dna. Ana Veira García pregunta polos prazos.

Contéstase que o 30/10/2017 ten que estar finalizada a totalidade da obra principal e o 30 de novembro, a acta de recepción e o fin de obra.

[Abandona a sesión D. Francisco Javier Crespo Romeo, sendo as 13h49min]

Ante unha pregunta da portavoz do BNG-AA, Dna. Ana Veira García, o Sr. Alcalde-Presidente, di que a obra non está parada xa que se está a facer o protocolo de grietas e que no día de hoxe estaban cos sondeos xeotécnicos e que dende a empresa adxudicataria consideran que debe haber un proxecto básico para ver onde están asentadas as casas.

[Abandona a sesión D. Jorge Serafín Allegue Freire, sendo as 13h52min]

2^a.- ¿Nos pueden adelantar algo de cómo va la organización de la Feria Medieval?

Contesta Dna. Yolanza Vázquez Busto, concelleira de Comercio, cultura e Turismo, que indica que xa está constituída a comisión e que se está a traballar na organización.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte plantexa dúbidas sobre a subvención.

A Sra. Vázquez Busto indica que a comisión anterior xa ten xustificada a subvención do concello e que hai que facer unha modificación das bases de execución do orzamento para cambiar a comisión anterior pola nova, que ten outro nome.

3^a.- ¿Qué ancho de aglomerado estaba contratado para el camino de Albite? ¿Por qué no se atendieron las demandas e inquietudes de los vecinos presentadas antes y durante la obra en el Concello?

D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente contesta que o mesmo ancho que tiña o camiño, 3,50, se ben algunha zona leva 3,20 porque había rochas e así se indicou polo aparelador. Di descoñecer que houbera demandas con anterioridade á realización da obra.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte di que os veciños sí viñeron antes.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que quedaron cos veciños en ver a posibilidade de dar un sobreaño.

4^a.-En varias actas, en redes sociales y en prensa Ud. hace referencia a que una empresa lleva el servicio de mantenimiento del alumbrado ¿a qué empresa se refiere?

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que se trata da mesma empresa que realizaba os traballos no mandato anterior, cando gobernaba o PP.

5^a.- Después de multitud de preguntas en el pleno y a la vista de su total abandono ¿han decidido hacer algo para que el Feirón no desaparezca definitivamente en cuestión de semanas?

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Dna. Yolanda Vázquez Busto da conta das distintas accións que se realizaron para regularizar a situación e poñer as licenzas en orde, que hai xente que está pendente de presentar a solicitude; que se mantiveron contactos con cooperativas, artesáns..., se ben algúns manifestaron non estar interesados polo tipo de produto. Indica que a proposta da liña de autobús se está a reformular xa que se desmarcou un concello e o custo para o resto aumentaría. Di ter constancia de que desmontan para irse a Sada.

Intervén o Sr. Presidente, que di que a situación do Feirón non é de hai 21 meses e pregunta pola afirmación que se fai no texto da pregunta "en cuestión de semanas".

Dna. Ascensión de Vicente Olarte di que é porque cada semana se instalan menos postos.

6ª.- ¿Cómo está el tema de las ayudas de material escolar?

Dna. Raquel Caruncho Corral, concelleira de Servizos Sociais, Educación e Deportes indica que o 17 de abril, finaliza o prazo de exposición. e que a día de hoxe hai unha alegación presentada, que se terá que resolver .

7ª.- ¿Está ya en funcionamiento el PXOM?

D. Bernardo Fernández Piñeiro contesta que o Plan Xeral xa entrou en vigor hai meses, se ben non entende que se traia esa pregunta ao Pleno, xa que considera que o grupo da oposición debía de saber a resposta, ademais de poder ter preguntado noutro momento ou acudir ao departamento de Urbanismo.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte di que son os veciños os que queren que pregunten no Pleno.

8ª.- ¿En qué situación se encuentra actualmente la normalizadora lingüística?

Contesta D. José Simoes Couceiro, concelleiro de Persoal e Réxime Interior., indicando que a situación é en excedencia forzosa por cargo público.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte pregunta se pideu o reingreso,.

O Sr. Simoes Couceiro contesta que sí e que se etstaba á espera dun informe da Deputación ao respecto, que tivo rexistro de entrada onte.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte remítese ao contido dos distintos informes emitidos , desfavorables para co reingreso.

D. José Simoes Couceiro di que está pendente de informe que entrou por rexistro de entrada no día de onte, e contestarán.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte pregunta pola subvención solicitada para o servizo.

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que está concedida.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte pregunta se se vai contratar a alguén.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que está para unha actividade, que non é para unha persoa en concreto. Pregúntase se se da a posibilidade de que se readmita á traballadora.

9ª.- ¿Se ha hecho algunha gestión para recuperar el edificio del Casino, en la Avda. de Lombardero?



D. Bernardo Fernández Piñeiro contesta que sí, coa Consellaría e co Ministerio, que se está á espera, se ben advirte que dende a Consellaría non se "dará" nada, poñendo como exemplo a cámara agraria. Indica que hai que enviar a valoración económica e fai alusión ao traballo dos técnicos. Di que se están a dar pasos.

[Abandona a sesión Dna. Marta Pico Machado, sendo as 14h09min]

10ª.- Cuando se acabe al obra del saneamiento del Portiño ¿se va a reparar el asfalto? Si ya se está estudiando este tema ¿hasta donde se hará la reparación?

D. Bernardo Fernández Piñeiro apunta a que non se trata dunha obra de saneamento, se non de abastecemento; que se está en contacto cos técnicos e que se vai reparar a zona pola discorrerá a tubaxe con aglomerado.

Dna. Maricarmen Piñeiro Varela pregunta por onde vai ir a conducción, se pola senda peonil ou pola estrada. Remítese ao proxecto do POS 2015.

O Sr. Alcalde-Presidente contesta que pola estrada, indicando que a senda peonil non vai sempre pola mesma marxe, e que ademais non existía no proxecto do POS 2015, que en todo caso sería pola cuneta e que tampouco se pode, xa que hai zonas que non hai nin cuneta.

A Sra. Piñeiro Varela pregunta cal é o motivo de que estean paradas as obras.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que a obra non estivo parada en ningún momento xa que se estiveron a realizar outros trámites: modificación de proxecto para recoller as acometidas, estívose en negociación coa Deputación a aglomeración, tramitación de autorizacións...

11ª.- ¿Tienen algún proyecto o han realizado alguna gestión para recuperar el eificio y el contorno de la estación de tren? Ahora mismo presenta un estado lamentable, tercermundista por su absoluto abandono.

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que sí, que está en contacto con Adif, con quen mantiveron unha xuntanza sobre a liña do ferrocarril e que dependendo de como vaia iso, se non vai ser de utilidade para a entidade ferroviaria, que se ceda ao Concello. Indica que a o concello xa ten realizado actuacións da súa competencia: instalación de iluminación hai máis dun mes, coa nstalación de puntos de luz, logo da queixa de persoas usuarias.

12ª.- Estamos muy cerca de su celebración ¿qué va a pasar con ArtXove?

Dna. Yolanza Vázquez Busto indica que teñen información por parte dun organizador, quen indica que para a realización do evento se necesita un número mínimo de 50 participantes, e este ano só se conseguiron 26. Indica que se están a manter contacto con escolas, etc.... Di que hai que ser conscientes dos cambios na sociedade e que a idea é transformar o certame, innovar, introducindo neste outro tipo de actividades: audiovisual...

D. Bernardo Fernández Piñeiro pide ao PP que, de ter algunha proposta, que a fagan chegar.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte manifesta que sería "unha pena" que non continuara o certame.

[Abandona a sesión Dna. Silvia Fornos Permuy, sendo as 14h23min]

Concluídas as preguntas do Grupo Municipal do Partido Popular, a portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA, plantexa os seguintes **ROGOS**:

1.-REVISIÓN DO ESTADO DAS ÁRBORES SENLLEIRAS

Algunhas árbores do xardín de Lombardero están cruzadas de cableado, como é no caso do metrosidero.

Pregamos revisión da situación co fin de evitar estragos irreversibles.

2.- SITUACIÓN ESCOLAR DO MUNICIPIO

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A punto de iniciar o mes de abril e unha vez rematado o período de matriculación para o curso 17/18. Sabedores da existencia de certa problemática.

Rogamos que se convoque o CEM.

3.-OBRAS NO CONCELLO

En diferentes puntos do concello estanse a cometer obras.

Pregamos que se faga unha verdadeira previsión cando se levanten as rúas, de maneira que se acometan á vez co fin de evitar constantes levantamentos das mesmas.

4.-PRAZA DE ESPAÑA

O terreo que é "o escaparaté" da vila sito na devandita praza está pendente de actuacións.

Rogamos que o concello de Ponte deume teña unha reunión cos técnicos de Patrimonio para poder buscar unha solución de futuro a esta porta da vila.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que a empresa propietaria do solar está en concurso de acreedores. Dito isto, indica que dende Patrimonio se dixo que a obra que procedería sería unha reprodución de edificios. De non haber construcións, poderíase facer unha praza.

5- SEMANA DO LIBRO

O día 23 de abril é o DÍA DO LIBRO. No programa electoral do PSOE e dentro da acción 66 facíase a promesa de recuperación de actividades. Xa que algunhas non foron aínda retomadas nin impulsadas.

Pregamos que se programe para que se realice a SEMANA DO LIBRO.

6.-PARTICIPACIÓN CIDADÁ REAL

Buscando o cumprimento do obxectivo da participación cidadá.

Rogamos a posta en funcionamento do Consello Municipal da muller.

7.-FEIRÓN

Na actualidade o feirón semanal esmorece día a día. Houbo promesas dos programas electorais e variadas noticias na prensa facendo fincapé en ideas e propostas.

Pregamos o seu cumprimento e que se poñan en funcionamento.

8.- ATENCIÓN ÁS PERSOAS DEPENDENTES

É de vital importancia a atención das persoas dependentes. No programa electoral recollíase na acción 94.

Rogamos a posta en funcionamento de accións encamiñadas ao seu cumprimento.

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que se está a traballar niso, que tiveron unha reunión hai dúas semanas.

E as seguintes **PREGUNTAS:**

1.-INSTALACIÓN DO GAS



Somos todos/as coñecedores de que hai obras por rematar. Hai lugares que teñen a instalación feita nos edificios e están agardando a que se acometa o resto da condución.(como é o caso da zona do Picho)

Que hai pendente de instalar na acometida do gas?

Dende a Presidencia, D. Bernardo Fernández Piñeiro di que é unha cuestión privada da empresa; que o Concello concede a licenza e que a licenza concedida está en vigor.

2.- A FONTE DO PILÓN

En varias ocasións denunciámos a situación da fonte do Pilón e solicitamos unha intervención nela para corrixir as deficiencias máis que evidentes.

Nestes momentos a fonte carece de auga e os canos están pechados.

Cal é o plan pendente para esta fonte?

Cales son os tempos de execución?

Dase por contestada a pregunta no rogo do Grupo Municipal do PP sobre a auga.

Sobre o amaño da fonte, D. Bernardo Fernández Piñeiro di que é un proxecto conxunto co amaño do Torreón, que se financiarán con cargo a unha acheda da Deputación e que chegou hai 7 días. Este proxecto, redactado por indicación de Patrimonio a onde, unha vez informado, ten que ser remitido para a súa aprobación e ser aprobado na Deputación.

3.- O DÍA DO 08 DE MARZO

Xa estamos no remate do mes de marzo, considerado como mes da muller xa que nel está a data do 08 DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA.

Tendo en conta que nas mocións aprobadas en pleno contiñan compromisos de accións para toma de conciencia da cidadanía.

Cal foi a programación de actos deste ano 2017?

Houbo actividades de sensibilización para centros escolares?

Dna.Raquel Caruncho Corral da conta de que se ten colocado un "photocal" polo 8 de marzo, colocar fotocolor durante a mañá e a tarde para a difusión das fotos nas redes sociais, que vai rotar polos distintos centros educativos que o queiran instalar. Editáronse tamén unhas pancartas, que se distribuíron nas distintas parroquias e centros educativos.

4.- OBRAS DA AVDA/ FERROL

Vaise aproveitar a obra para poñer a rede de sumidoiros necesaria?

En que vai consistir a obra pendente de executar?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que non hai obra en Avda. de Ferrol, se non que é en "Villanueva". Indica que na Avda. de Ferrol vaise realizar unha obra de abastecemento (un tramo) e que actuacións puntuais no saneamento, xa que habería que levantar a avenida enteira.

5.- LOCAL E TERREO COLINDANTE CO IES" BREAMO"

Sendo conscientes da mellora que suporía que o concello contase con estes terreos.

Cal é a situación nestes momentos dese local e terreo?

Será posible contar con el como propiedade ou para uso do concello?

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O Sr. Alcalde-Presidente indica que rematou a concesión, que esta semana se solicitaba do concello un novo proxecto. Indica que este novo proxecto ten que ser un proxecto para usos vinculados co dominio público marítimo terrestre e que a opción que baralla o goberno é a instalación dunha base para Protección Civil.

De seguido, prodúcese un debate ao respecto do uso, introducíndose o educativo, que pecha D. Bernardo Fernández Piñeiro defendendo a labor, que cualifica como moi boa, da agrupación de voluntarios de Protección Civil de Ponte deume.

6.- EXTENSIÓN.GAL

Logo da proposta do BNG-AA de Ponte deume notificóusenos que xa se contaba con esta extensión. Gal

Están todos os correos do concellos con esta extensión?

Cando cren que será para todos?

Contéstase que sí, que están todos os correos co ".gal"

7.- O LOCAL DO "CASINO"

Sendo conscientes da necesidade de locais municipais para diversos servizos.

Cales son as xestións feitas ata o día de hoxe?

Dase por contestada anteriormente.

8.- ACCIÓN 66 DO PROGRAMA ELECTORAL DO PSOE

Esta acción ten varios apartados centrarémonos en dúas accións que poderán implantarse, sabedores de que a SEMANA DA CIENCIA que se celebra no mes de novembro, desta vez pasou sen decatarnos.

- O día 21 de marzo foi o DÍA DA POESÍA e polo tanto un bo mes para celebrar a prometida SEMANA DA POESÍA.

Teñen pensado facer algún tipo de programación poética?

Cando pensan cumprir a promesa de recuperar esta actividade?

- Prometeron recuperar o DÍA DA ÁRBORE.

En que mes pensan implementar esta actividade?

Con que programación?

Dña. Yolanda Vázquez Busto di que non se vai programar a semana da poesía, se ben se vai realizar unha actividade sobre actividade poética, na que se contará con diversos autores e que a idea é que se celebre durante as festas das peras e coa conmemoración do nacemento de Ramiro Fonte.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que é intención do goberno local recuperar as distintas actividades ao longo do mandato.

9.- Recuperación do curso Carlos Gurméndez

Aínda que forme parte da acción 66 cremos que é merecente dun apartado particular.



Que acción levan feitas para recuperar esta actividade?

Indícase que se ten contactado co Club de Prensa, dende onde se comunica que non existe intención de que volva a Pontedeume, xa que o curso está consolidado na localidade de Ferrol.

10.- ESCOLA INFANTÍL

Logo dun tempo de espera despois de ser tema de plenos e de noticias varias na prensa.

En que fase está o proceso de construción deste servizo?

Será efectivo contar con el para o vindeiro curso 17/18?

A portavoz do BNG-AA deixa esta pregunta para o seguinte Pleno.

11.- OBRAS DO PASEO MARÍTIMO

Hai nas proximidades do teixo lousas sen rematar.

Están concluídas as obras?

Dna. Ana Veira García indica que onte pola noite xa estaban rematadas.

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que en principio as obras do firme están rematadas. Da conta das actuacións realizadas e indica que está pendente o tema do mobiliario. Anuncia que proximamente se iniciará a obra do parque infantil.

REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e cincuenta e un minutos do expresado día. Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.